



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 4 de febreiro de 2021(965/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego (online)  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día catro de febreiro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(61).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 28 de febreiro e extraordinaria e urxente do 29 de febreiro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(62).-MODIFICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 6570/241.**

Visto o informe de fiscalización do 27/01/21, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (PPT)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Na sesión do 26 de marzo de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto e a apertura da licitación do procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes.

**Segundo.-** O 4 de xuño de 2019 a Xunta de Goberno local acordou:

*“Adxudicar a FCC AQUALIA, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total dos servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato é de 5.015.126,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 870.393,90 euros.*



## Concello de Vigo

b) O prezo unitario de monitor/hora para o pagamento dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos é de 20,63 euros, sendo o importe do IVE de 3,58 euros.

c) Propón un incremento de 15.000 euros do importe destinado á reposición de materiais non funxibles respecto do mínimo establecido no apartado n) da cláusula II.2 do PPT.

d) Propón un incremento de 6.000.000 euros do importe da póliza de responsabilidade civil por enriba da contía mínima fixada no apartado 13 do Anexo I (FEC) do PCAP.

e) Incrementa a experiencia mínima esixida para a persoa responsable do contrato en 5 anos (8 anos en total).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o 27 de xuño de 2019 iniciándose a prestación o día 1 de xullo de 2019.

**Cuarto.-** O 7 de decembro de 2020, o adxunto ao xefe do Servizo de Deportes - director técnico, coa conformidade do concelleiro delegado, emite informe motivando a necesidade de modificar o contrato nos seguintes termos:

*“A Xunta de Goberno Local en sesión do 26 de novembro do 2020 aprobou o contrato de emerxencia “adaptación das instalacións, prover dos medios materiais necesarios e realizar os traballos de desinfección extraordinarios atendendo a normativa fronte á COVID-19 das áreas e elementos de mobiliario das instalacións das piscinas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, de uso público, do Concello de Vigo” dende o 15 de xuño ata o 31 de decembro do 2020.*

*Co fin de garantir as medidas preventivas en materia COVID 19, Resolución 414/2020 modificada pola 458/2020 coa periodicidade que garanta os procesos de limpeza e desinfección que complementen a limpeza ordinaria que esta contemplada no PPT é necesario aumentar as frecuencias das tarefas de limpeza dos elementos e espazos das instalacións de xeito que se cumpran coas ditas medidas.*

*Na resolución 414/2020 modificada pola 458/2020 recollense as medidas a adoptar nas piscinas de uso deportivo e recreativo.*

*Art. 43. Artículo 43. Apertura de piscinas para uso deportivo.*

*1. Se podrá proceder a la apertura de las piscinas al aire libre o cubiertas para la realización de actividades deportivas con las limitaciones que recoge este artículo.*

*2. Podrán acceder a las mismas cualquier persona, teniendo carácter preferente el acceso de los deportistas integrados, a través de la correspondiente licencia, en la federación deportiva cuyas modalidades y especialidades deportivas se desarrollen en el medio acuático; natación, salvamento y socorrismo, triatlón, pentatlón moderno y actividades subacuáticas.*

*3. La actividad deportiva requerirá la concertación de cita previa con la entidad gestora de la instalación. Para ello, se organizarán turnos horarios, fuera de los cuales no se podrá permanecer en la instalación.*

4. En las piscinas se podrá permitir la práctica deportiva individual o aquellas prácticas que se puedan desarrollar por un máximo de dos personas en el caso de modalidades así practicadas, siempre sin contacto físico manteniendo las debidas medidas de seguridad y protección, y en todo caso la distancia de seguridad de dos metros. Cuando la piscina se divida por calles de entrenamiento, se habilitará un sistema de acceso y control que evite la acumulación de personas y que cumpla con las medidas de seguridad y protección sanitarias.

En cualquier caso, se respetará el límite del treinta por ciento de capacidad de aforo de uso deportivo en cada piscina, tanto en lo relativo al acceso, como durante la propia práctica.

5. Únicamente podrá acceder con los deportistas un entrenador en el caso de que resulte necesario, circunstancia que deberá acreditarse debidamente, con excepción de las personas con discapacidad o menores que requieran la presencia de un acompañante.

6. Se podrán utilizar los vestuarios, respetando lo dispuesto al efecto en las medidas generales de prevención e higiene frente al COVID-19 indicadas por las autoridades sanitarias.

7. Se procederá a la limpieza y desinfección de acuerdo con lo señalado en los artículos 44 y 45. Asimismo, a la finalización de cada turno se procederá a la limpieza de la playa de la piscina y de las zonas comunes y, en cada turno, se deberá limpiar y desinfectar el material compartido después de cada uso. Al finalizar la jornada se procederá a la limpieza de la instalación, reduciéndose la permanencia del personal al número mínimo suficiente para la prestación adecuada del servicio.

8. En todo caso, los titulares de la instalación deberán cumplir con las normas básicas de protección sanitaria del Ministerio de Sanidad. Si en la instalación deportiva se realizan otras actividades, o se prestan otros servicios adicionales no deportivos, deberán cumplir con la normativa específica que en cada caso corresponda.

Art. 44. Reapertura al público de las piscinas recreativas.

1. Se podrá proceder a la apertura al público de las piscinas recreativas, quedando permitido el acceso a las mismas por parte de cualquier persona.

El aforo máximo permitido será del treinta por ciento de la capacidad de la instalación, siempre que sea posible respetar la distancia de seguridad entre usuarios de dos metros. En caso contrario se reducirá dicho aforo a efectos de cumplir con la distancia de seguridad.

2. Para poder acceder a la piscina se requerirá la concertación de cita previa con la entidad gestora de la instalación. Para ello, se organizarán horarios por turnos, fuera de los cuales no se podrá permanecer en la instalación.

3. Con carácter previo a su apertura se deberá llevar a cabo la limpieza y desinfección de las instalaciones con especial atención a los espacios cerrados como vestuarios o baños.

Asimismo, se deberán limpiar y desinfectar los diferentes equipos y materiales como, vaso, corcheras, material auxiliar de clases, rejilla perimetral, botiquín, taquillas, así como cualquier otro en contacto con los usuarios, que forme parte de la instalación. Los biocidas a utilizar para la desinfección de superficies serán aquellos del tipo de producto 2, referidos en el anexo V del Reglamento (UE) n.º 528/2012 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 22 de mayo de 2012, relativo a la comercialización y el uso de los biocidas. Asimismo, se podrán utilizar desinfectantes como diluciones de lejía 1:50 recién preparada o cualquiera de los desinfectantes con actividad virucida



## Concello de Vigo

que se encuentran en el mercado y que han sido autorizados y registrados por el Ministerio de Sanidad.

4. Lo previsto en este artículo se entiende sin perjuicio de las operaciones de depuración física y química del agua necesarias para obtener una calidad del agua de los vasos adecuada conforme a los anexos I y II del Real Decreto 742/2013, de 27 de septiembre, por el que se establecen los criterios técnico-sanitarios de las piscinas, con la realización de los controles pertinentes, así como del cumplimiento del resto de normativa aplicable.

Art. 45. Medidas de higiene y prevención aplicables a las piscinas recreativas.

1. Se procederá a la limpieza y desinfección diaria de la instalación de acuerdo con lo señalado en el artículo 6.

No obstante, en aquellas superficies en contacto frecuente con las manos de los usuarios, como pomos de las puertas de los vestuarios, o barandillas, se deberá llevar a cabo una limpieza y desinfección, al menos tres veces al día.

2. Se recordará a los usuarios por medios de cartelería visible o mensajes de megafonía las normas de higiene y prevención a observar, señalando la necesidad de abandonar la instalación ante cualquier síntoma compatible con el COVID-19.

3. En las zonas de estancia de los usuarios, se debe establecer una distribución espacial para garantizar la distancia de seguridad de al menos dos metros entre los usuarios mediante señales en el suelo limitando los espacios. Todos los objetos personales, como toallas, deben permanecer dentro del perímetro de seguridad de dos metros establecido, evitando contacto con el resto de usuarios.

4. El uso y limpieza de los aseos se llevará a cabo de conformidad con lo previsto en el artículo 6.5. Asimismo, se deberá verificar que, en todo momento, estén dotados de jabón y/ o geles hidroalcohólicos o desinfectantes con actividad virucida autorizados y registrados por el Ministerio de Sanidad.

5. No se podrá hacer uso de las duchas de los vestuarios ni de las fuentes de agua.

Atendiendo ós antecedentes descritos faise necesario polo tanto a modificación do contrato en función de necesidades, tendo en conta o disposto na lei de contratos 9/2017 artigo 203 e artigo 205, punto 2, apartado b), que permita atender pola mercantil FCC AQUALIA, as condicións de seguridade indicadas na disposición SND 458/2020, de modo que se garantice a seguridade dos usuarios que desenvolvan a práctica deportiva.

Segundo o disposto no artigo 205, punto 2, apartado b) "Cuando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, siempre y cuando se cumplan las tres condiciones siguientes:

1.º Que la necesidad de la modificación se derive de circunstancias que una Administración diligente no hubiera podido prever.

2.º Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.

3.º Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

A modificación fundaméntase no interese xeral que non é outro que a protección da saúde pública e ten por obxecto axustar as prestacións obxecto do contrato ás medidas preventivas aprobadas pola autoridade sanitaria para facer fronte a crise do

*COVID -19, toda vez que, trala reanudación das actividades docentes e deportivas do contrato das piscinas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, persiste na Comunidade Autónoma de Galicia a situación de emerxencia sanitaria sendo preciso a adopción de medidas extraordinarias en materia de limpeza, desinfección, procesos de control durante o tempo que medie ata o levantamento das medidas preventivas e en todo caso ata a data de finalización do contrato.*

*Descríbense a continuación os traballos de limpeza habituais segundo recolle o PPT no apartado II.1. Traballos de limpeza.*

- a) A realización dos traballos e servizos da limpeza, conservación e mantemento, estendese á totalidade das instalacións das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e abrangue piscinas, chans, superficies horizontais e verticais, portas, fiestras, mobiliario, ximnasia e demais moblaxe e servizos hixiénicos, escaleiras e calquera outros elementos existentes ou que se constrúan ou instalen en orde a necesidade do servizo ou que se estimara conveniente establecer.*
- b) A execución dos traballos de limpeza das diversas instalacións deportivas contempladas no presente prego, realizarase baixo unha serie de normas básicas e esenciais de protección e respecto co medio ambiente e normativa específica e rexerase polas seguintes regras en canto á forma, medios que se utilizan e periodicidade. Deberá figurar na instalación e de forma visible os rexistros e protocolos de limpeza.*
  - b.1) Servizos de Limpeza diaria: Tódolos vestiarios, solos, servizos hixiénicos e lavabos e as demais instalacións terán que ser fregados e limpados diariamente, tendo especial atención nos espazos dos vestiarios, duchas e inodoros, desinfectando estas dependencias a través do fregado e posterior secado das mesmas, así como dos lavabos, bancos, espellos. Deberase aplicar unha desinfección con produtos adecuados de tódolos apartados destes espazos.*
  - b.2) Paredes, teitos, mamparas e cristais limpanse como mínimo cada quince días.*
  - b.3) Os dourados e metais limpanse e abrillantarase cada quince días.*
  - b.4) Os cristais das fiestras exteriores limpanse e abrillantarase unha vez cada mes, excepto os meses de choivas que se limparán cando o seu aspecto o requira.*
- c) Realizaranse traballos de limpeza nos accesos exteriores a instalación e de coidado e mantemento das zonas axardinadas que forman parte das parcelas da instalación.*
- d) Na execución do servizo, o adxudicatario empregará a maquinaria e materiais máis axeitados ás características dos distintos locais, superficies, e demais elementos, a fin de que non danen a súa conservación, atendida a súa composición.*
- e) A composición dos produtos, líquidos e deterxentes que se utilicen serán dos habitualmente utilizados nos servizos desta natureza, prohibíndose o emprego daqueles que pola súa concentración e composición, produzan corrosión ou danen as superficies sobre as que se apliquen, especialmente en metais, mobiliario, moquetas e alfombras e de forma xeral deberán atender as seguintes cuestións:*



## Concello de Vigo

### *e.1) Produtos de limpeza:*

- ▣ *Os produtos de limpeza utilizados deberán cumprir-las seguintes especificacións relativas á súa composición, envasado e aplicación.*
- ▣ *Biodegradables. Sen substancias tóxicas ou perigosas, agás a lexía que será utilizada na máxima disolución posible.*
- ▣ *Deterxentes con baixo contido en fosfatos ou sen fosfatos. Envasados en recipientes reutilizables, homologados e coa etiquetación pertinente. Os P<sup>H</sup> dos produtos será neutro.*
- ▣ *Non se permite o emprego de aerosois ou calquera produto con propelentes gaseosos.*

*f) En xeral, os servizos de limpeza favorecerán o uso de produtos respectuosos co medio ambiente e coa saúde das persoas, evitarán o uso de substancias nocivas, tóxicas ou contaminantes, e os produtos serán aplicados na maior disolución posible. Igualmente, o adxudicatario deberá facerse responsable dos residuos xerados.*

*g) Dentro do servizo de limpeza realizarase unha limpeza especial de forma bimestral: varrido ou aspirado e fregado de tódolos pavimentos interiores (corredores, escaleiras, salas, despachos, servizos hixiénicos, ximnasios, etc.), movendo a totalidade do mobiliario, despolbo das paredes, as portas, os recercos de fiestras, radiadores, mamparas, persianas, lámpadas, cromados, dourados, utensilios, condutos de aire acondicionado, e calquera outros elementos ou espazos pertencentes as instalacións.*

*h) A empresa adxudicataria responderá dos danos e prexuízos que por mal uso do servizo ocasione, facéndose cargo da reposición, aboamento ou indemnización a que dea lugar o dano producido. Concretamente, por inundacións de billas abertas e polo deterioro de prendas por contactos con depósitos de produtos cáusticos. A empresa adxudicataria controlará especialmente os produtos utilizados na limpeza, e a súa repercusión na saúde dos usuarios e usuarias, na degradación das instalacións e do medio ambiente. A estes efectos, o concursante, na súa oferta, incluírá unha póliza de seguro para este fin.*

*Atendendo os procesos de limpeza da prestación do servizo recollidos no PPT propónse, concretamente, a seguintes modificación e segundo a normativa de aplicación exposta.*

*A modificación do contrato segundo necesidades, céntrase nas medidas en materia de limpeza e desinfección específicos e excepcionais das instalacións como consecuencia do COVID-19 o que implica a modificación do contrato, por circunstancias sobrevidas, e que nada teñen que ver coas circunstancias normais de desenvolvemento do contrato. Por tanto faise necesario unha modificación do mesmo que afecta a prestación do servizo, dende o 2 de xaneiro do 2021 ata o 30 de xuño do 2021 data da finalización do contrato e sempre que se manteña as circunstancias de emerxencia sanitaria provocadas polo COVID 19, e a finalización do contrato de*

emergencia aprobado pola Xunta de Goberno Local con data de 26 de novembro, segundo o seguinte:

As necesidades diarias son de máximos podendo reaxustarse as mesmas.

a) 18,75 horas de reforzo diario de limpeza para os catro centros podendo axustarse o ratio as instalacións en función das necesidades das mesmas e distribuírse entre estas, sendo o total. O importe da hora é de 18,68 euros sen IVE. O número máximo de horas mes ascende a 562,5 horas, sendo o importe máximo mes de 12.714,08 euros con IVE.

| prezo hora s/<br>ive euros | horas día | total euros día | Total euros día c/ive | total euros máximo<br>mes c/ive |
|----------------------------|-----------|-----------------|-----------------------|---------------------------------|
| 18,68                      | 18,75     | 350,25          | 423,80                | 12.714,08                       |

O importe total da modificación ascende a cantidade máxima de 76.284,48 euros con IVE, representando o 1,11% do prezo inicial do contrato cuxo importe é de 6.851.196,76 con IVE. A modificación financiarase con cargo a partidas orzamentarias 3420.2279902 SERVICIOS TRAVESAS, 34202279903 SERVICIOS LAVADORES, 3420,22707 SERVICIOS TEIS, 3420.2279913 SERVICIOS VALADARES, do orzamento do servizo de deportes.

O Período de aplicación é dende o 2 de xaneiro, ou no seu defecto dende a data da sinatura da modificación do contrato en caso de que está sexa posterior ó 2 de xaneiro, ata o 30 de xuño do ano 2021

**Abono da factura**

O importe dos servizos que se inclúen dentro desta modificación aboaranse de forma independente a tramitación das facturas ordinarias e segundo as necesidades.

Polo exposto propónse ao departamento de contratación:

Primeiro: Modificar o contrato dos SERVICIOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVICIOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE (EXPTE: 2496-611).FCC. AQUALIA S.A." por circunstancias sobrevidas polo COVID 19 e segundo necesidade por importe de 76.284,48 euros con IVE ao exercizo económico do ano 2021 dende o 2 de xaneiro, ou no seu defecto dende a data da sinatura da modificación do contrato en caso de que esta sexa posterior ó 2 de xaneiro, ata o 30 de xuño do 2021.

Segundo: Financiar a modificación con cargo as partidas orzamentarias do orzamento de deportes 34202279902 SERVICIOS TRAVESAS, 34202279903 SERVICIOS LAVADORES, 342022707 SERVICIOS TEIS, 3420.2279913 SERVICIOS VALADARES".





## Concello de Vigo

**Quinto.-** En data 14 de decembro de 2020 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

*“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato de prestación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (2.496-611) nos seguintes termos:*

- *A modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza indicadas cun incremento máximo de 562,5 horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 76.284,48 €, o que supón un incremento do importe total do contrato dun 1,11% do prezo do contrato.*
- *O número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Estas serán comunicadas á empresa polo responsable do contrato.*
- *O aboamento do reforzo de limpeza previsto nesta modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.*
- *A modificación aboarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 3420.2279902 Servizos Travesas, 34202279903 Servizos Lavadores, 3420,22707 Servizos Teis, 3420.2279913 Servizos Valadares, do orzamento vixente do Servizo de Deportes.*

*2º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

*3º.- Dar audiencia a FCC AQUALIA, S.A., por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan.”*

**Sexto.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista manifesta a súa conformidade coa proposta de modificación, en escrito de data 18 de decembro de 2020.

**Sétimo.-** En data 25 de xaneiro de 2021 o responsable do contrato emite informe complementario establecendo as aplicacións orzamentarias as que se imputará o importe da modificación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas

administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

### Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación non contempla a modificación do contrato (apartado 15.A do Anexo I -FEC-), polo que cómpre analizar se a modificación proposta encaixa nos supostos de modificacións non previstas contemplados no artigo 205 da LCSP.

Nestes supostos as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 206 da LCSP).

Establece o citado artigo 205, que as modificacións non previstas no PCAP só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Segundo o apartado 2 do mesmo artigo, os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes:

- a) Cando devíñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os dous requisitos contemplados na LCSP
- b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobreenvidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
  1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
  2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.



## Concello de Vigo

3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.
- c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Á vista do previsto no artigo 205 da LCSP, a modificación obxecto deste informe ten encaixe no apartado 2b “Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato”.

En efecto, o informe emitido polo xefe do Servizo de Deportes - director técnico o 7 de decembro de 2020 motiva a necesidade de modificar o contrato en base a que é necesario adoptar “medidas en materia de limpeza e desinfección específicos e excepcionais das instalacións como consecuencia do COVID-19”.

Concorren neste caso as tres condicións esixidas legalmente:

1. A necesidade da modificación derívase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever:

A nova situación xerada polo COVID-19 constitúe unha circunstancia sobrevenida e imprevisible que no momento no que tivo lugar a licitación do contrato non se puido prever e que comporta a adopción de novas medidas na prestación do contrato.

2. A modificación non altera a natureza global do contrato:

Os aspectos a modificar limítanse unicamente a garantir a prestación do contrato dando cumprimento ás condicións de seguridade indicadas na disposición SND 458/2020, garantindo a seguridade dos usuarios que desenvolvan a práctica deportiva.

3. A modificación do contrato implica unha alteración que na súa contía non excede do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído. Estamos ante a primeira modificación do contrato e implica un 1,11% á alza do prezo total do contrato. A modificación será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP).

-III-

### Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).

- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, deuse trámite de audiencia ao contratista que manifesta a súa conformidade coa modificación proposta. Non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é superior a 6.000.000 euros (7.102.880,37 euros), pero a modificación tan só representa un 1,11% do prezo inicial do contrato.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: a prestación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes, respectando as condicións de seguridade indicadas na disposición SND 458/2020 para garantir a seguridade dos usuarios que desenvolvan a práctica deportiva, en exercicio da competencia propia de “promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”, prevista nos artigos 25.2.I da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación supón un incremento do prezo do contrato é preciso compensar ao contratista. Hai que ter en conta que a modificación configúrase segundo necesidades. A modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza cun incremento máximo de 562,5 horas de prestación do servizo O número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Estas serán comunicadas á empresa polo responsable do contrato. O aboamento do reforzo de limpeza previsto nesta modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.

As aplicacións orzamentarias as que se imputará o importe da modificación son fixadas polo responsable do contrato nun informe complementario de 25 de xaneiro de 2021:

| aplicación orzamentaria | Custes fixos              | % de distribución custe contrato por centro | Importe mensual máximo con iva 12.714,08 € | TOTAL 6 MESES |
|-------------------------|---------------------------|---|--|---------------|
| 3420 2279902            | SERVIZO PISCINA TRAVESAS  | 37,00 %                                     | 4.704,21 €                                 | 28.225,26 €   |
| 3420 2279903            | SERVIZO PISCINA LAVADORES | 21,00 %                                     | 2.669,96 €                                 | 16.019,76 €   |
| 3420 2279906            | SERVIZO PISCINA TEIS      | 25,00 %                                     | 3.178,52 €                                 | 19.071,12 €   |



## Concello de Vigo

|              |                           |          |            |             |
|--------------|---------------------------|----------|------------|-------------|
| 3420 2279911 | SERVIZO PISCINA VALADARES | 17,00 %  | 2.161,39 € | 12.968,34 € |
|              |                           | 100,00 % | 12.714,08€ | 76.284,48 € |

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

De conformidade co artigo 153.3 da LCSP, ao tratarse dun procedemento sometido a recurso especial en materia de contratación (apartado 1J do Anexo I -FEC- do PCAP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

### -IV-

#### **Do reaxuste da garantía definitiva**

A LCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva.

Esta garantía esexese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 107.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado.

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 109.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 109.3 do TRLCSP).

O artigo 109.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

-V-

### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

### **Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Modificar o contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (2.496-611) nos seguintes termos:*

- *A modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza indicadas cun incremento máximo de 562,5 horas horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 76.284,48 €, o que supón un incremento do importe total do contrato dun 1,11% do prezo do contrato.*
- *O número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Estas serán comunicadas á empresa polo responsable do contrato.*
- *O aboamento do reforzo de limpeza previsto nesta modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.*

*2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará ás aplicacións orzamentarias 3420.2279902 Servizos Travesas, 3420.2279903 Servizos Lavadores,*



## Concello de Vigo

3420.22707 Servizos Teis, 3420.2279913 Servizos Valadares, do orzamento vixente do Servizo de Deportes coa seguinte distribución:

| aplicación orzamentaria | Custes fixos              | % de distribución custe contrato por centro | Importe mensual máximo con iva<br>12.714,08 € | TOTAL 6 MESES |
|-------------------------|---------------------------|---|---|---------------|
| 3420 2279902            | SERVIZO PISCINA TRAVESAS  | 37,00 %                                     | 4.704,21 €                                    | 28.225,26 €   |
| 3420 2279903            | SERVIZO PISCINA LAVADORES | 21,00 %                                     | 2.669,96 €                                    | 16.019,76 €   |
| 3420 2279906            | SERVIZO PISCINA TEIS      | 25,00 %                                     | 3.178,52 €                                    | 19.071,12 €   |
| 3420 2279911            | SERVIZO PISCINA VALADARES | 17,00 %                                     | 2.161,39 €                                    | 12.968,34 €   |
|                         |                           | 100,00 %                                    | 12.714,08€                                    | 76.284,48 €   |

3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato, FCC AQUALIA, S.A., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(63).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CREACIÓN E DIFUSIÓN DE DE CAMPAÑAS E ACCIÓNS INSTITUCIONAIS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN PROMOVIDAS DESDE O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18174/101.**

Visto o informe de fiscalización do 02/01/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación do 01/02/21, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e difusión de de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (18.174-101)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (18.174-101)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 26 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación de acordo co principio de mellor calidade-prezo, ao abeiro do previsto nos artigos 145 e 156 a 158 e 308 da LCSP, para a contratación dunha empresa de servizos de axencia de publicidade para crear e canalizar a través dos medios de comunicación e soportes publicitarios as diferentes campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo e que se consideran de interese para informar á cidadanía.*

*Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 23 de novembro de 2020.*

*Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 23 de novembro de 2020.*

*Cuarto.- Aprobar como anticipado de gasto do contrato como limite máximo un importe de 1.387.835,32 € (un millón trescentos oitenta e sete oitocentos trinta e cinco con trinta e dous euros) ive engadido. Sendo o importe correspondente ao ive de 240.863,98 € (douscentos corenta mil oitocentos sesenta e tres con noventa e oito euros). O gasto imputarase ás aplicacións orzamentarias:*

*Ano 2021:*

*Importe máximo do contrato 1.387.835,32 € con cargo as partidas:*

*9120.2279906 (producción e seguimento de medios) RCFUT 280.381,15 €*

*9121.2260200 (anuncios e campañas institucionais, RCFUT 1.107.454,17€*

*Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento aberto”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de xaneiro de 2021 adoptou a seguinte resolución:





## Concello de Vigo

*“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de xaneiro de 2021 de RODRIGO Y ASOCIADOS CENTRAL DE MEDIOS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (18.174-101) na seguinte orde descendente:*

| <b>Orde</b> | <b>Licitador</b>  | <b>Puntuación total</b> |
|-------------|---|-------------------------|
| 1           | ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L.  | 85,84 puntos            |
| 2           | QUATTRO INDUSTRIA DESTILADORA DE CREATIVIDAD PUBLICITARIA, S.L.U. | 79,07 puntos            |

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22 do PCAP, por ter presentado xa documentación no sobre A:*

- 1. A acreditación da constitución de garantía definitiva esixida no apartado 9.B das FEC.*
- 2. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- 3. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 29.11 do prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L., o día 28 de xaneiro de 2021, que presenta a documentación requirida ao día seguinte, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 1 de febreiro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 12 e 25 de xaneiro de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de xaneiro de 2021 de RODRIGO Y ASOCIADOS CENTRAL DE MEDIOS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Adxudicar a ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) o procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (18.174-101) por un prezo total de 1.387.835,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 240.863,98 euros, e coa seguinte redución sobre os prezos unitarios recollidos no apartado 3.G da FEC:*
  - a) Realización da Estratexia de Comunicación xeral institucional: 50%
  - b) Deseño da imaxe e proposta de creatividade de cada unha das campañas: 33,33%
  - c) Deseño dos bandos institucionais: 41,18%
  - d) Deseño dos anuncios de carácter obrigatorio e institucional: 44,44%
  - e) Realización e produción de cuñas radiofónicas: 20%
  - f) Redución dos custes correspondentes ás tarifas para cada un dos espazos dos medios de comunicación e soportes publicitarios exteriores recollidos no apartado 3.G.f

1.- PRENSA ESCRITA:

- 1) Faro de Vigo: 20,35%



## Concello de Vigo

- 2) La Voz de Galicia: 18,67%
- 3) Atlántico Diario: 11,90%

### 2.- RADIO:

- 1) Radio Vigo: 14,05%
- 2) COPE: 0%
- 3) Onda Cero: 30,50%
- 4) Kiss FM: 62,00%

### 3.- MEDIOS DIXITAIS:

- 1) La Voz de Galicia.es: 18,67%
- 2) Faro de Vigo.es: 20,35%
- 3) Atlántico Diario.es: 11,90%
- 4) Outros soportes (Galicia Ciencia, Vigo E, Vigoalminuto, Cies podcast, Galicia Confidencial, A Movidia e Metropolitano): 9,39%

### 4.- TELEVISIÓN:

- 1) Televigo: 28,50%

*g) Impresión do material gráfico detallado no apartado 3.G.g: 30,75%*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **4(64).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS". EXPTE. 604/441.**

Visto o informe de fiscalización do 01/02/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Nova grada de marcador do Estadio Municipal de Balaídos" (604-441)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Nova grada de marcador do Estadio Municipal de Balaídos" (604-441)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 26 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 30.10.2020.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contrata en data 06.11.2020.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "CENTO CORENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CINCO EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS" (144.205,99 eur), sendo o importe correspondente ao IVE de 25.027,49 €.*

*Por ter tratarse dun gasto anticipado e ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 9330.632.00.10 (INVESTIMENTOS MELLORA E.M.BALAIÓDOS), de acordo coas seguintes anualidades:*

|       |              |
|-------|--------------|
| 2021  | 53.000,00 €  |
| 2022  | 70.200,00 €  |
| 2023  | 21.005,99 €  |
| TOTAL | 144.205,99 € |

*As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.*

*Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os*



## Concello de Vigo

*importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos para a segunda anualidade dun 132,45%, con respecto á primeira anualidade.*

*Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de xaneiro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:

- Sesión do 23 de decembro de 2020: acórdase a non admisión neste procedemento de INCOPE CONSULTORES, S.L. por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Sesión do 13 de xaneiro de 2021: acórdase excluír deste procedemento a INGENIERIA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluír deste procedemento a NORMANSYS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando tal e como se indica no informe emitido polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos de data 20 de xaneiro de 2021.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Nova grada de marcador do Estadio Municipal de Balaídos” (604-441) na seguinte orde descendente:

|   | Licitadores                              | Puntuación total |
|---|--|------------------|
| 1 | ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U.         | 86,15            |
| 2 | ATENEA, S.A.U.                           | 83,51            |
| 3 | INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. | 80,80            |
| 4 | CÍES ATLÁNTICO, S.L.U.                   | 79,84            |

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. (B-94.095.171), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U., o día 26 de xaneiro de 2021, que presenta a documentación requirida o 28 de xaneiro e o 1 de febreiro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 1 de febreiro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 4 e 20 de xaneiro de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. “Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:
  - Sesión do 23 de decembro de 2020: acórdase a non admisión neste procedemento de INCOPE CONSULTORES, S.L. por non ter emendado



## Concello de Vigo

correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

- Sesión do 13 de xaneiro de 2021: acórdase excluír deste procedemento a INGENIERIA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Sesión do 25 de xaneiro de 2021: exclusión de NORMANSYS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas tal e como se indica no informe emitido polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos de data 20 de xaneiro de 2021.

2. *Adxudicar a ELETREINTAYUNO PREVENLAB, S.L.U. (B-94.095.171) o procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Nova grada de marcador do Estadio Municipal de Balaídos" (604-441) por un prezo total de 107.979,42 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.740,23 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(65).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRIPCIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 20376/333.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 01/02/21, dáse conta do informe-proposta de data 29/01/2021, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I. Antecedentes**

Con data 27/12/2019, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, aprobou o expediente para a "CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRIPCIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19219/333

Posteriormente, a Mesa de Contratación, na sesión celebrada o 06 de febreiro de 2020, adoptou o acordo de CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRIPCIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO.

A Mesa de Contratación, na sesión do 27 de febreiro de 2020 acordou por unanimidade dos membros presentes propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RunRunVigo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 06/03/2020 acordou, adxudicar a CRONO CHIP S.L, o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RunRunVigo (19219-333), polo prezo total de 12.358,83 euros.

Con data 12/03/2020, procédese á sinatura do contrato con CRONO CHIP S.L para a prestación do servizo obxecto da contratación, a partir do 13/03/2020 e cunha duración de once meses, contemplándose tres prórrogas de un ano de duración cada unha.

## **II. Fundamentos de dereito**

1. O artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

### **2. Neste contrato resulta que:**

-O prego de cláusulas administrativas, na cláusula 7, "Prazo de execución" recolle no apartado 3, *"este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, será obrigatoria para o contratista salvo que no apartado 4 da FEC se estableza un prazo de preaviso para que este poida renunciar á calquera das prórrogas previstas"*.

-A empresa que presta o servizo, CRONO CHIP, co CIF B98504582, presentou con data 18/01/21 no rexistro Xeral do concello escrito no que non formula oposición a prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas do contrato de subministro de medallas e trofeos (Expte. 19219-333).





## Concello de Vigo

### 3.Desenvolvemento do contrato actual:

O contrato obxecto da prestación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxes do circuíto RunRunVigo na cidade de Vigo (19219-333) foi asinado o 12/03/2020.

Dous días despois da sinatura, o 14/03/2020, declarouse o Estado de Alarma mediante o R.D. 463/2020 para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declaración que afectou a todo o territorio nacional, cunha duración inicial de 15 días, que foi obxecto de sucesivas prórrogas.

Esta situación levou ás entidades organizadoras das probas incluídas no RunRunVigo a aprazar e posteriormente a suspender as probas previstas no calendario para o ano 2020, polo que o contratista non realizou ningunha prestación das previstas no contrato e en consecuencia, ó tratarse dun contrato de servizos segundo necesidades, tampouco facturou nin cobrou ningún servizo.

Non obstante, a pesar de que na data actual está vixente o estado de alarma, e de que a situación sanitaria obrigou ás autoridades a establecer novas medidas de prevención complementarias que impiden actualmente o desenvolvemento das probas do circuíto RunRunVigo 2021, enténdese necesario propoñer a prórroga do contrato ó entender que ó longo do ano 2021 levantaránse as restricións vinculadas coa epidemia polo COVID-19, que permitirá o desenvolvemento das mesmas, reprogramadas no calendario sobre o que xa se traballa, e polo tanto o contratista poderá prestar, a partir dese momento, os servizos que lle sexan requiridos.

Descrición dos medios humanos e materiais: a empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo.

### 4.Prezo anual do contrato:

A anualidade do contrato é de 10.2132,91euros sen IVE, sendo o IVE de 2.144,83 euros, o que fai un importe total da anualidade de 12.358,83 euros.

### 5.Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260901 "Organización de actividades deportivas", coa seguinte distribución por anualidades:

| IMPORTE    | PARTIDA        | ANUALIDADE |
|------------|----------------|------------|
| 11.328,93€ | 3410.226.99.01 | 2021       |
| 1.029,90€  | 3410.226.99.01 | 2022       |

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 12 de febreiro de 2020, e debido á necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a prórroga do contrato dos "CON-

## TRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO NA CIDADE DE VIGO.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos”.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. Adic. 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a **Xunta de Goberno Local** previo informe xurídico e fiscalización pola Intervención a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO

1. Aprobar a prórroga do contrato de DE SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19219/333 polo período de un ano dende o 12 de febreiro de 2021 ata o 11 de febreiro de 2022, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a empresa CRONO CHIP S.L., co CIF: B98504582.
2. Aprobar o gasto de 12.358,83 € con IVE que representa esta prórroga anual a favor de CRONO CHIP S.L., co CIF: B98504582 con cargo a aplicación orzamentaria 3410.226.99.01, coa seguinte distribución por anualidade:

| IMPORTE    | PARTIDA        | ANUALIDADE |
|------------|----------------|------------|
| 11.328,93€ | 3410.226.99.01 | 2021       |
| 1.029,90€  | 3410.226.99.01 | 2022       |

3. Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. Da Lei 29/98).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **6(66).-PROCEDIMENTO DE PAGO DAS BECAS-AXUDAS PARA OS PARTICIPANTES DO “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO”- 2021. EXPTE. 17956/77.**

Visto o informe de fiscalización do 26/01/21, dáse conta do informe-proposta do 24/01/21, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19) e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria de data 7 de novembro de 2019, acordou a aceptación da axuda para o “Programa integrado de emprego do Concello de Vigo” (expte. 16843/77), subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, dentro da convocatoria dos programas integrados de emprego da Xunta de Galicia, destinadas á incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, no contexto da garantía xuvenil, publicada no DOGA n.º 116 de data 20 de xuño de 2019 e aceptada por acordo de XGL de data 7 de novembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras dos Programas Integrados de Emprego de Galicia para o ano 2019.

II. Posteriormente, en data 21/10/2020, recíbese resolución da Dirección Xeral de Formación e Colocación, comunicando a publicación no DOG nº 205 de data 9 de outubro de 2020, da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade de 23 de setembro que modifica a Orde do 7 de xuño de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, modificacións correspondentes a *ampliación dos prazos polo tempo necesario para rematar os programas* sen exceder do tempo que durou a suspensión, así como o incremento dos custos salariais e dos medios precisos para o desenvolvemento dos programas como consecuencia da situación e da evolución da epidemia Covid-19.

Na aceptación e resolución encoméndase ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a execución do proxecto con indicación das accións a realizar que, deberán ser actuacións contempladas no proxecto inicial.

Na memoria das accións a cofinanciar con cargo à subvención, o Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local propoñía, entre outras actividades, a realización de **itinerarios formativos e actividades de información, orientación e busca de emprego asociadas aos mesmos**, que permitirán a incorporación ao programa de 100 novos desempregados/as aos que se lle ofrecería orientación personalizada, formación axeitada ao seu perfil, necesidades e prácticas profesionais en empresas para así lograr a inserción social e laboral.

A Orde de 7 de xuño de 2019 (DOG 20 de xuño de 2019) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, destinadas á integración sostible de persoas xóvenes no mercado de traballo, no contexto da garantía xuvenil, contempla nos seu Artigo 14. *Gastos imputables*, as actividades subvencionables incluídas no proxecto, e contemplando no apartado 1.d) as **Bolsas de asistencia ás persoas**

**demandantes** que participen no programa integrado de emprego, nas accións de formación, orientación, prospección, previstos no programa, fixando que se aportará unha contía de **5 euros por día de asistencia ás accións do programa.**

Estas axudas serán compatibles coa percepción da prestación e subsidio por desemprego así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade.

III. A estes efectos o Servizo solicitou a xeración de crédito na partida 2410 4800018 Becas-Axudas\_Programa integrado de emprego do Concello de Vigo por importe de 18.645,00 € estimando o número de accións formativas a desenvolver na anualidade, o número de beneficiarios/as de cada acción, a duración en meses o importe máximo da bolsa a cobrar cada mes que é de 110 €, segundo consta no presuposto do programa, conforme ao seguinte desglose:

| FORMACIÓN  | N.º EDICIÓNS | ALUMNOS |
|--|--------------|---------|
| Carnet de conducir: 70 horas teóricas y 20 horas prácticas_Iniciado en outubro 2020      | 1            | 12      |
| Actividades auxiliares de almacén: 210 horas_Período 23 decembro 2020 a 12 de marzo 2021 | 1            | 14      |
| Carretilero: 30 horas_Xaneiro 2021   | 1            | 14      |

En base ao programa aprobado e, para a determinación dos usuarios/as con dereito a beca, o importe máximo mensual e diario e a forma de pago, propónse aprobar o seguinte procedemento:

1. As becas-axudas dos/as beneficiarios/as do programa serán compatibles coa percepción da prestación ou subsidio de desemprego, así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade.
2. A cada usuario/a que se achegue aos servizos do programa pediráselle que xustifique a súa situación de desemprego e que demostre se cobra algún tipo de axuda ou prestación.
3. O importe máximo mensual por beneficiario/a das becas-axudas para a anualidade 2021 será de 110 euros (5 euros/diarios x 22 días laborais).
4. O importe máximo diario das becas-axudas por beneficiario/a para a anualidade 2021 será de 5 euros.
5. O pago da beca farase en función dos días de asistencia ás actividades de formación específica, formación transversal presencial, orientación e prácticas laborais asociadas.
6. Non se aboarán as faltas non xustificadas.
7. Dado que a maioría dos participantes se atopan en situación de desemprego e non cobran ningún tipo de prestación ou subsidio, sendo importante o cobro da bolsa-axuda para o seu sustento económico, faise necesario que o **pago destas bolsas se faga a mes vencido** dentro do listado de nóminas de persoal para evitar os atrasos no seu cobro.
8. Para o pago destas bolsas dende a dirección do proxecto **remitirásese á Intervención Xeral Municipal antes do día 5 de cada mes** a documentación relativa á asistencia dos cursos, que inclúe o informe da asistencia ás actividades de formación dos participantes coas



## Concello de Vigo

contías que se lles deben pagar en función da asistencia e segundo as circunstancias persoais.

En aplicación dos criterios anteriormente descritos (contía máxima, número de posibles beneficiarios/as, duración da beca-axuda e procedemento de cálculo), estímase, para a anualidade 2021, un custe aproximado inicial en concepto de becas-axudas para o programa integrado de **Dezaoito mil seiscentos corenta e cinco euros (18.645,00€)**.

O pagamento das becas-axuda do presente ano poderá facerse con cargo á partida 2410 4800018 "Becas-Axudas Programa integrado de emprego do Concello de Vigo".

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar o gasto por importe de Dezaoito mil seiscentos corenta e cinco euros (18.645,00€) para facer frónte as becas-axudas que se devenguen no exercicio 2021, pola asistencia ás distintas accións (formación específica, formación transversal presencial, orientación e prácticas laborais asociadas) dos/as participantes no Programa Integrado de Emprego do Concello de Vigo, con cargo á partida orzamentaria 2410 4800018 "Becas-axudas Programa integrado de emprego do Concello de Vigo".

SEGUNDO: Aprobar o importe máximo das becas-axudas que para a anualidade 2021 será de **110 euros/mes e de 5 euros/día**.

TERCEIRO: Aprobar para a anualidade 2021 o procedemento de pago das becas-axuda para os/as participantes do Programa, consistente en remitir mensualmente á Intervención Xeral municipal antes do día cinco de cada mes para a súa inclusión dentro do listado de nóminas de persoal, a seguinte documentación:

- Informe da xefatura do Servizo, de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios do programa, en base ao seguimento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas, e contías que se lle deben pagar aos/ás participantes na formación, en función dos días de asistencia e segundo o procedemento de cálculo establecido, facendo así efectivo o pagamento destas becas-axudas a mes vencido, durante a súa participación no programa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(67).-ACEPTACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POLA FUNDACIÓN LUIS TILVE Á SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. EXPTE. 17129/77.**

Dáse conta do informe-proposta do 01/02/21, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19) e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

Con data 18/08/2020, a Xunta de Goberno Local acordou, en relación co procedemento de “**OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. ANO 2020. EXPTE. 17040/77**” outorgar á Fundación Luis Tilve (CIF: G15169949) unha subvención por importe total de **16.711,32 €**:

| PROGRAMA                                       | PUNTOS       | ORZAMENTO          | SUBVENCIÓN         |
|--|--------------|--------------------|--------------------|
| PROGRAMA II (ENTIDADES SOCIAIS E ASISTENCIAIS) | <b>22,25</b> | <b>16.711,32 €</b> | <b>16.711,32 €</b> |

Con data 21/08/2020, a Fundación Luis Tilve (CIF: G15169949), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, achega a comunicación da renuncia á subvención concedida (número documento: 200152589) no que se declara, de xeito expreso, a renuncia á subvención outorgada para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro, no ano 2020.

Conforme ao establecido na Base Décimo Segunda das bases que rexen a convocatoria da subvención “**Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada**” [...]

Ademais e segundo ao disposto no apartado 13 da Base Décimo Segunda “*A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, no vindeiro exercicio orzamentario*”

De conformidade co anteriormente exposto, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas nos Decretos de Delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**:

**PRIMEIRO: ACEPTAR A RENUNCIA** presentada pola Fundación Luis Tilve (CIF: G15169949), á subvención outorgada pola Xunta de Goberno Local con data 18/08/2020, ao abeiro da convocatoria das “Subvencións para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro, ano 2020”, dentro do **Programa II. Entidades Sociais e Asistenciais**, por un importe **16.711,32 €**.

**SEGUNDO: NOTIFICAR** o presente acordo aos/as interesados/as, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día se-



## Concello de Vigo

guinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(68).-ACEPTACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POLA FUNDACIÓN ACCIÓN LABORAL Á SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. EXPTE. 17114/77.**

Dáse conta do informe-proposta do 01/02/21, asinado pola técnica de Xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución 23/10/19) e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

Con data 18/08/2020, a Xunta de Goberno Local acordou, en relación co procedemento de **“OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. ANO 2020. EXPTE. 17040/77”** outorgar á Fundación Acción Laboral (CIF: V09409749) unha subvención por importe total de **6.969,36 €**:

| <b>PROGRAMA</b>                                | <b>PUN-TOS</b> | <b>ORZAMEN-TO</b> | <b>SUBVENCIÓN</b> |
|--|----------------|-------------------|-------------------|
| PROGRAMA II (ENTIDADES SOCIAIS E ASISTENCIAIS) | <b>15,75</b>   | <b>6.969,36 €</b> | <b>6.969,36 €</b> |

Con data 2/09/2020, a Fundación Acción Laboral (CIF: V09409749), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, achega a comunicación da renuncia á subvención concedida (número documento: 200157463) no que se declara, de xeito expreso, a renuncia á subvención outorgada para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro, no ano 2020.

Conforme ao establecido na Base Décimo Segunda, apartado 9 das bases que rexen a convocatoria da subvención **“Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a *aceptación ou renuncia* da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada”** [...]

Ademais e conforme ao disposto no apartado 13 da Base Décimo Segunda “ A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, no vindeiro exercicio orzamentario.

De conformidade co anteriormente exposto, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas nos Decretos de Delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**:

**PRIMEIRO: ACEPTAR A RENUNCIA** presentada pola Fundación Acción Laboral (CIF: V09409749), á subvención outorgada pola Xunta de Goberno Local con data 18/08/2020, ao abeiro da convocatoria das “Subvencións para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro, ano 2020”, dentro do **Programa II. Entidades Sociais e Asistenciais**, por un importe **6.969,36 €**.

**SEGUNDO: NOTIFICAR** o presente acordo aos/as interesados/as, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(69).-ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DA ENTIDADE MAPE ASESORES S.A. DE MÁSCARAS QUIRÚRXCAS E HIXIÉNICAS Ó CONCELLO DE VIGO PARA FACER FRONTE AO COVID-19. EXPTE. 20684/240.**

Visto o informe de fiscalización do 25/01/21, dáse conta do informe-proposta do 22/01/21, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Código Civil.
- Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro (LCSP).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales (RBEL).





## Concello de Vigo

### ANTECEDENTES:

**Primeiro.-** Mediante escrito de data 12/01/2021, a entidade MAPE ASESORES SA manifesta a súa vontade de doar ó Concello de Vigo produtos para facer fronte á COVID-19 (100.000 máscaras quirúrxicas e 100.000 máscaras hixiénicas), por importe de 78.000 €, destinado á cidade e entes do Concello, que poidan atoparse necesitados dos mesmos.

**Segundo.-** Pola xefatura de Participación Cidadá, co conforme do Concelleiro delegado de dita Area, en data 14/01/2021, emite ***"informe favorable á procedencia da aceptación da doazón ofrecida ao Concello de Vigo pola entidade MAPE ASESORES SA, mediante escrito achegado a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo en data 12/01/2021 (COD. SOLICITUDE: W509748-5874), de 100.000 máscaras quirúrxicas e 100.000 máscaras hixiénicas ao Concello de Vigo por importe de 78.000 €, para facer fronte á COVID-19, resultando xustificada en atención ás necesidades existentes destes produtos de uso obrigatorio pola normativa sanitaria, que serán distribuídos pola concellería de Participación Cidadá aos cidadáns e entidades asistenciais que estean necesitados dos mesmos a través da concellería da Área de Benestar Social. Coa entrega dos bens a entidade donante chegará as especificacións técnicas esixidas pola normativa reguladora dos produtos."***

**Terceiro.-** A Concelleira Delegada de Patrimonio ordenou, o 14/01/2021, o inicio dos correspondentes trámites administrativos para a aceptación, de se lo caso, da oferta de doazón formulada.

**Cuarto.-** Pola mercantil, MAPE ASESORES SA achegouse ó expediente unha declaración responsable conforme non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no art. 71 da Lei de Contratos do Sector Público.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

**PRIMEIRO.-** As entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, teñen plena capacidade xurídica e de obrar para adquirir, poseer, reivindicar, permutar, gravar ou enaxenar toda clase de bens e dereitos (artigo 5 LBRL).

**SEGUNDO.-** A doazón recollese como uns dos modos de adquisición dos bens e dereitos polas Administracións públicas, previsto no artigo 15 LPAP, 271 LALG e 10 RBEL, que constitue un acto de liberalidade, gratuito e unilateral, polo cal unha persoa dispoñe dunha cousa a favor de outra, que a acepta (artigo 618 Código Civil).

Así mesmo, sinalase no Código Civil que poderán facer doazóns todos os que poidan contratar e dispoñer dos seus bens, e perfeccionase dende que o doante coñece a aceptación do donatario.(art.623 e 624).

En canto ó ser ésta un modo de adquisición de bens a título gratuito non está suxeita a restricción algunha, dispoñéndose únicamente a limitación no suposto da suxección ou vencellamento a condición ou modalidade onerosa (art. 273 da LALG e 12.1 do RBEL).

No presente caso, a teor dos termos nos que formulase o ofrecemento da doazón atopámonos ante un suposto de doazón pura e simple, non existindo restricción algunha a súa aceptación, podendo ser acordada polo órgano competente, se así o estima de interese público.

Por outra banda, consta no expediente declaración responsable efectuada polo representante legal da empresa conforme esta non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no art. 71 da Lei de Contratos do Sector Público

**TERCEIRO.-** O artigo 9.2 da Lei de Contratos do Sector Público, considera a doazón un contrato excluído do ámbito de aplicación de dita Lei, dispoñendo no seu art. 4 que ditos contratos regularanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

**CUARTO.-** Así mesmo, a doazón de cousa moble poderá facerse verbalmente ou por escrito, requeriéndose neste último caso para que surta efecto, que conste na mesma forma a aceptación (artigo 632 Código Civil), xa que a doazón só obriga ó doante e produce efectos dende a aceptación (artigo 629 Código Civil).

**QUINTO.-** Consecuentemente co exposto, non existe inconveniente na aceptación da doazón dos produtos para facer fronte á COVID-19 (100.000 máscaras cirúrxicas e 100.000 máscaras hixiénicas) por un importe de 78.000 €, proposta pola empresa MAPE ASESORES SA no seu escrito do 12/01/2021, dacordo co informe favorable emitido ao efecto pola Concellería delegada de Participación Cidadá, reseñado nos antecedentes da presente.

**SEXTO.-** Resulta competente para resolver sobre a aceptación da doazón plantexada, a Xunta de Goberno Local, consonte o previsto na Disposición Adicional Segunda da LCSP.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

*1º.- Aceptar a doazón da mercantil MAPE ASESORES SA dos produtos para facer fronte á COVID-19 (100.000 máscaras quirúrxicas e 100.000 máscaras hixiénicas), por importe de 78.000 €, para seu destino á cidade e entes do concello de Vigo.*

*2º.- Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá a recepción dos produtos doados e asinamento da correspondente acta.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(70).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS PARA A OFICINA DE ASISTENCIA AO REXISTRO XERAL. EXPTE. 36948/220.**

Visto o informe de fiscalización do 29/01/21, dáse conta do informe-proposta do 28/01/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Huma-



## Concello de Vigo

nos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, a Secretaria do Goberno Local, coa conformidade da Concelleira-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, presenta escrito solicitando, entre outros efectivos, dous/dúas auxiliares administrativos/as, manifestando a urxencia dada a situación de déficit de persoal para atender ás funcións da oficina de asistencia en materia de rexistro e información.

II.- En resposta a esta petición, a Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 11/01/2021 dispuxo ordenar o inicio de expediente administrativo pola Área de Recursos Humanos e Formación, procedendo a atender á solicitude de persoal formulada e incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna por un período de seis meses.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítase informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do legislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, na **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TRE-BEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustifi-



## Concello de Vigo

cadras de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os/as funcionarios/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza o posto, neste caso (posto cód. 138- Auxiliar administrativo/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Secretaria do Goberno Local, coa conformidade da Concelleira-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, referido no punto I dos antecedentes de este informe, así coma na Instrución de servizo da Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, na que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento da Oficina de Asistencia ao Rexistro Xeral, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, exp- te. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que figura no expediente (trámite 16):

#### **“CADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE**

##### **AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL (2 POSTOS) Acumulación tarefas**

| <b>Custo Total Proposta ( 1 posto) // Ano 2021</b> |             | <b>Periodo - (01-02/2021 a 31-07-2021)- 2 POSTOS – 6 meses</b> |
|--|-------------|--|
| <b>Retribucións totais (1 posto)</b>               | 25.453,84 € | <b>25.453,84 €</b>   |
| <b>Seguridade Social (1 posto)</b>                 | 8.182,34 €  | <b>8.182,34 €</b>  |
| <b>Total</b>                                       | 33.636,18 € | <b>33.636,18 €</b>   |

O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do presente exercicio 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.”



## Concello de Vigo

Neste punto, nos remitimos ao informe técnico, que damos integramente por reproducido aos efectos de evitar reiteracións innecesarias e, considerando as cuestións indicadas no informe técnico sobre as modificacións orzamentarias precisas, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

### IV. V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe técnico de verificación previa que obra no expediente

*“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar administrativo/a, existen listaxes viventes con persoas en condicións de ser notificadas.*

- Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como auxiliar administrativo/a, a J M Garcia Villasante con dni \*\*\*5128\*\* e a E Serrano Vilariño co dni \*\*\*1197\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da Área de recursos humanos e formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Auxiliares administrativos/as** (cod. 138), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses e, en consecuencia, autorizar o gasto total de **33.636,18 €** no exercicio 2021 (dos que **25.453,84 € corresponden a retribucións e 8.182,34 € a seguridade social a cargo do empregador**).

Elo, con cargo as seguintes partidas orzamentarias: 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2021 (no que respecta a retribucións, por un importe de 25.453,84 €) e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 (no que respecta aos custes da seguridade social, por un importe de 8.182,34 €).

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **Auxiliares administrativos/as**, a *J M Garcia Villante con dni \*\*\*5128\*\** e a *E Serrano Vilariño co dni \*\*\*1197\*\**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorra o prazo máximo dos seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto post. cód. 138-Auxiliares administrativos/as, sendo adscritos/as á Oficina de Asistencia ao Rexistro Xeral sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/as funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados/as, a Secretaria do Goberno Local, á Intervención xeral, Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### **11(71).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE FEBREIRO E ABRIL DE 2021. EXPTE. 3686/330.**

Visto o informe xurídico do 05/01/21 e o informe de fiscalización do 26/01/21, dáse conta do informe-proposta do 28/12/2020, asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Educativas, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da área de Cultura resolveu con data 28 de decembro de 2021 que pola área de Cultura se inicie o expediente necesario para a FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE FEBREIRO E ABRIL DE 2021, dacordo co artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e coa ordenanza municipal do Concello de Vigo reguladora de prezos públicos nº42.

No informe económico xustificativo da mesma data, a técnica de actividades culturais e educativas do servizo de Cultura, realiza a xustificación detallada dos prezos propostos que se axustan á lexislación vixente e conforme ao establecido na citada ordenanza municipal e que figura no expediente.

Os prezos públicos que se propoñen para a citada programación son prezos por debaixo do custe das actividades, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de inquestionable interese cultural ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación. Por outro lado, o momento excepcional provocado polas medidas sanitarias derivadas da pandemia COVID 19, con gran limitación de aforos, farían imposible propoñer prezos que cubrisen o custe dos espectáculos, e privaría ao público e á cidadanía de poder acceder á cultura.

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos, establécese o prezo de venda de entradas para público adulto de 8 €, excepto para o espectáculo do programa 3x3 que terá un prezo de 9 € por estar composto de 3 espectáculos diferentes; e un prezo para os espectáculos dirixidos a público familiar, de 5 €.

Os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao custe total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos do seguinte xeito:

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

Tamén existen descontos especiais puntuais do 30% en virtude de convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual, así como a mocidade con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos co obxecto de fomentar a asistencia ao teatro nesta franxa de idade que é a que menos asiste segundo os datos de asistencia observados.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través de internet, na billeteira do propio Auditorio e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da corporación, se ben dita facultade está delegada na Xunta de Goberno Local (artigo 3 da ordenanza n.º 42 reguladora de prezos públicos, en relación co artigo 47 do TRLFL).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

**Fixar os prezos de venda de entradas da DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE FEBREIRO E ABRIL DE 2021, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:**

| DATA                | COMPAÑÍA                               | ESPECTÁCULO                                      | PREZO PRO-POSTO |
|---------------------|--|--|-----------------|
| 19 e 20 de febreiro | Aporía Escénica                        | Soga e Cinsa                                     | 8 €             |
| 21 de febreiro      | Mar Rojo Teatro<br>(2 funcións)        | Emociones de hojalata                            | 5 €             |
| 26 e 27 de febreiro | Anómico Teatro                         | Anxos abandonados en mosaicos despois do combate | 8 €             |
| 28 de febreiro      | Higiénico Papel Teatro<br>(2 funcións) | Riquete el del copete                            | 5 €             |



## Concello de Vigo

| DATA                              | COMPAÑÍA  | ESPECTÁCULO                             | PREZO PRO-POSTO |
|-----------------------------------|---|---|-----------------|
| 5 e 6 de marzo<br>PROGRAMA<br>3X3 | L'Om Imprebís, Mico-<br>micón Teatro, Teatro<br>Corsario y Teatro del<br>Temple | Vidas enterradas                        | 9 €             |
| 7 de marzo                        | Companya La Tal<br>(2 funcións)   | Italino Grand Hotel                     | 5 €             |
| 12 e 13 de<br>marzo               | Butacazero  | 32 metros cadrados                      | 8 €             |
| 14 de marzo                       | La Canica<br>(2 funcións)   | Orfeo y Eurídice                        | 5 €             |
| 19 y 20 de<br>marzo               | Redrum Teatro   | O mozo da última fila                   | 8 €             |
| 21 de marzo                       | Eme2 Emoción&Arte<br>(2 funcións)   | Semente. O home que plantaba<br>árbores | 5 €             |
| 26 e 27 de<br>marzo               | La Escalera de Tijera   | Celestina la tragiCLOWNmedia            | 8 €             |
| 28 de marzo                       | Rilo&Penadike<br>(2 funcións)   | Arrerrú                                 | 5 €             |
| 9 y 10 de abril                   | Malasombra Produ-<br>cións  | Sós                                     | 8 €             |
| 11 de abril                       | Vaivén Circo y Danza<br>(2 funcións)  | Esencial                                | 5 €             |
| 16 e 17 de<br>abril               | Sarabela Teatro   | A lingua das volvoretas                 | 8 €             |
| 18 de abril                       | Os Naúfragos<br>(2 funcións)  | Onde viven os monstros                  | 5 €             |
| 23 y 24 de<br>abril               | La Macana   | Pink Unicorns                           | 8 €             |
| 25 de abril                       | Traspediante  | Nina Ninette                            | 5 €             |

| DATA                    | COMPAÑÍA             | ESPECTÁCULO | PREZO PRO-POSTO |
|-------------------------|----------------------|-------------|-----------------|
| 30 de abril e 1 de maio | Nova Galega de Danza | Leira       | 8 €             |

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán dous tipos de abonos:

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

A concellería da Área de Cultura ten asinado un protocolo de colaboración co IES Audiovisual de Vigo e a Escola Superior de Arte Dramática polo que se establece un desconto dun 30 % no prezo da entrada para o alumnado e profesorado do centro que presente o carné da escola na billeteira e entrada do recinto. Por outro lado, e co gallo de fomentar a asistencia ao teatro da mocidade por terse detectado que é o público máis difícil de enganchar, tamén se establecerá un desconto dun 30% no prezo da entrada a través de internet para aquelas persoas entre 12 e 18 anos que introduzcan o código de desconto "OTEATROMOLA" (deberán acreditar a idade no control de accesos).

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través de internet, na billeteira do propio Auditorio e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(72).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA "MEMORIA DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO DO CONCELLO DE VIGO – 2020". EXPTE. 904/1102.**

Dáse conta do informe-proposta do 01/02/21, asinado pola secretaria do Goberno Local e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

A entrada en vigor da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno supuxo un cambio de paradigma no funcionamento da administración pública, representando unha transformación no modelo na xestión, na súa apertura á cidadanía, pois tal e como sinala a propia norma:

*"Sólo cuando la acción de los responsables públicos se somete a escrutinio, cuando los ciudadanos pueden conocer cómo se toman las decisiones que les afectan, cómo se manejan los fondos públicos o*



## Concello de Vigo

*bajo qué criterios actúan nuestras instituciones podremos hablar del inicio de un proceso en el que los poderes públicos comienzan a responder a una sociedad que es crítica, exigente y que demanda participación de los poderes públicos.”*

Cambio ao que o Concello de Vigo se sumou con rapidez, pois máis aló de prescricións legais, a xestión municipal apostou por desenvolver amplamente as políticas de transparencia e goberno aberto, reforzando os medios e recursos municipais asignados a tal fin, tanto persoais como tecnolóxicos para acadar unha mellora continua dos estándares de transparencia. A dita liña de actuación foi seguida polo conxunto das áreas e servizos municipais que, dun xeito colaborativo, contribuíron a executar os traballos para garantir maiores niveles de transparencia, interiorizando o cambio cultural que se producía.

Á vista desta situación, e como unha práctica de reforzo ás políticas públicas municipais en materia de transparencia e integridade, a Concellería-Delegada de Xestión Municipal considerou conveniente implantar unha nova práctica mediante a aprobación dunha Memoria de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo, na que se puxese en valor todo o traballo realizado e se ofrecese á cidadanía toda a información sobre a xestión municipal nesta materia dun xeito claro, sistemático e estruturado, nun exercicio de rendición de contas, no cumprimento do Código de Bo Goberno Local suscrito polo Concello de Vigo, mediante acordo plenario de data 30.11.2015.

Nesta liña, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 31/01/2019, acordou aprobar a Memoria de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo, 2017-2018. Expte-270/1102, e a súa remisión á “*Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana*” da FEMP, nomeando instrutora do mesmo á secretaria de Goberno Local, en canto responsable administrativa do Código de Goberno Local.

Como continuación da práctica anterior, por Resolución da Concellería-Delegada de Xestión Municipal de data 17.11.2020 acordouse incoar expediente administrativo para a elaboración e aprobación dunha nova “Memoria de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo” correspondente ao ano 2020 e así mesmo a súa remisión á “*Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana*” da FEMP, nomeando instrutora do mesmo á secretaria de Goberno Local, en canto responsable administrativa do Código de Goberno Local, memoria cuxa aprobación se propón no presente informe.

Neste exercicio de rendición de contas tívose en conta un feito determinante da xestión municipal no ano 2020, como é que con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia e por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse, para o conxunto do Estado, o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, con efectos dende a súa data, situación que rematou en data 21 de xuño, en virtude do disposto no Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño. Estado de alarma que foi novamente declarado por Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

A pesares de dita circunstancias, para o período ao que a Memoria fai referencia, ano 2020, o Concello de Vigo seguiu, adaptando os medios e recursos á situación xerada pola pandemia, coa práctica dos plans e previsións de traballo aprobados nos últimos anos,

continuando co obxectivo preciso de adaptar esta administración municipal ao novo escenario de administración electrónica e difusión de información por transparencia institucional. O ambicioso obxectivo segue sendo o de ir máis aló das esixencias legais, superando os estándares esixidos para avanzar cara un modelo de goberno aberto.

A política de transparencia e bo goberno no Concello de Vigo foi planificada dende o principio dun xeito transversal con implicación de todos os actores e departamentos administrativos e executivos, pilotándose a mesma dende a Alcaldía-Presidencia, coa execución asignada das accións políticas á Concellería-Delegada de Xestión Municipal e das accións administrativas á Secretaría do Goberno Local, en estreita colaboración co Servizo de Administración Electrónica, e as demais áreas e servizos municipais. Como forma de xestión, control e apoio nos avances e dificultades que se presentan, configurouse un sistema de grupos de traballo multidepartamentais de apoio aos servizos, responsables da súa propia transparencia, no modelo descrito.

## II.- ESTRUCTURA E CONTIDO DA MEMORIA

A memoria de Transparencia do Concello de Vigo correspondente ao ano 2020, estrutúrase conforme co seguinte índice

Introdución  
Antecedentes

### 1. PUBLICIDADE ACTIVA.....

- 1.1 Ampliación contidos publicados.....
- 1.2 Ampliación contidos de acceso directo.....
- 1.3 Outras novidades.....
- 1.4 Análise de resultados.....

### 2. PUBLICIDADE PASIVA.....

- 2.1 Solicitudes de acceso á información pública 2020.....
- 2.2 Datos estatísticos.....

### 3. BO GOBERNO E INTEGRIDADE.....

- 3.1 Boas prácticas.....
  - 3.1.1 Boas prácticas recoñecidas ano 2020.....
  - 3.1.2 Catálogo boas prácticas municipais.....
- 3.2 Elaboración e aprobación do Catálogo de procedementos do Concello de Vigo.....
- 3.3 Plan de Integridade na Contratación.....



Concello de Vigo

#### 4. PLAN DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA TRANSPARENCIA E O BO GOBERNO.

#### 5. TRANSPARENCIA MUNICIPAL NA CONTORNA DA COVID-19.....

#### 6. CONCLUSIÓNS.....

Nesta memoria compílanse e avalíanse os traballos na materia, en torno aos seguintes eixos:

- No primeiro punto “**1. Publicidade Activa**” expóñense as principais tarefas en canto a difusión da información municipal. O dito labor realízase a través da canle principal coa que se conta para este propósito, a plataforma electrónica de datos formada polo Portal de Transparencia co apoio do Portal Web e Sede Electrónica.
- No segundo punto “**2. Acceso á Información Pública**” contémplanse todas as novidades que presenta o novo espazo dixital creado para a difusión e coñecemento deste dereito, así como a experiencia no exercicio do dito dereito pola cidadanía. Ademais dos contidos agregados, achéganse as estatísticas recollidas en base ás solicitudes de acceso á información pública recibidas ao longo do 2020 e as resolucións que as contestan para poder apreciar o nivel de reacción deste Concello ante as peticións específicas da veciñanza.
- O terceiro punto “**3.- Bo Goberno e Integridade**” versa sobre aquelas accións executadas atendendo aos principios de ética na gobernanza pública e amparo de medidas concretas encamiñadas á consecución dos principios transformadores da administración que recolle a LTBG. O contido artéllase en torno ás boas prácticas municipais que foron recoñecidas como tal pola “*Red de Entidades Locales por la Transparencia y la Participación Ciudadana*” da FEMP, boas prácticas que no seu conxunto se recollen no catálogo exposto. Pecha este apartado coa información relativa ao Plan de Integridade na Contratación Pública (PIC VIgo) e que constitúe unha iniciativa pioneira para alcanzar os máis elevados estándares de integridade na xestión da contratación municipal, así como de eficacia e eficiencia mediante a súa racionalización.
- No cuarto punto “**4.- Desenvolvemento Plan de seguimento e avaliación da Transparencia e o Bo Goberno municipal**”, abórdase a execución, durante o ano 2020, do plan, despregando toda a súa actividade .
- No quinto punto “**5.- Transparencia municipal na contorna da crise sanitaria Covid-19**”, abórdase o impacto da pandemia na transparencia e no acceso á información sobre a xestión pública.

Conclúe a memoria cunha análise en datos da relevancia das informacións publicadas no Portal de Transparencia, así como coa proxección para o ano 2021 de accións futuras de seguimento e desenvolvemento do labor reflectido.

### III.- CONCLUSIÓNS DA MEMORIA

A análise e exposición do desenvolvemento das políticas municipais en materia de transparencia e bo goberno ao longo do ano 2020 require tomar en consideración un factor disruptivo e exógeno como foi a aparición da pandemia polo virus COVID-19 e o impacto que a dita circunstancia tivo no desenvolvemento da actividade municipal e nas relacións coa cidadanía, marcadas por situacións inéditas e extraordinarias, como a declaración do estado de alarma, a suspensión dos prazos administrativos e o confinamento, e a configuración dunha nova realidade marcada polo distanciamento social e un reequilibrio nas prioridades de información por parte da cidadanía.

Cómpre, no obstante, sinalar que por mor desta situación resulta difícil valorar os datos estadísticos postos de manifesto nesta memoria en relación coa serie histórica previa, dada a necesidade de coñecer o impacto que as extraordinarias circunstancias tiveron no conxunto da cidadanía e nos posibles cambios conductuais derivados das mesmas. Será, polo tanto, preciso esperar a analizar os rexistros dos próximos anos para comprobar a evolución nas tendencias.

A pesares do impacto que a dita situación tivo no conxunto dos medios persoais e materiais para continuar atendendo as ditas obrigas, non se observa impacto negativo, ao contrario,ponse de manifesto unha xestión áxil e eficaz que permitiu o seguimento da liña de traballo, tanto dende o punto de vista da interiorización dunha nova cultura, pois os avances e as melloras expostas son froito do traballo colaborativo do conxunto das áreas e servizos municipais e grazas á implicación de todas as áreas de goberno, seguindo o mandato da Alcaldía-Presidencia.

Coa presentación desta memoria, que será obxecto de publicación no Portal de Transparencia unha vez aprobada polo órgano competente, e a pesares das dificultades que se presentaron durante o ano 2020 dase seguimento, sin interrupción, ao obxectivo de avanzar en materia de rendición de contas, ofrecendo á cidadanía unha ferramenta holística, ampla e transversal para coñecer polo miúdo a xestión municipal, dende a obxectividade dos datos e dunha información transparente, debendo sinalar a relevancia da ferramenta do Plan de Avalación e Seguimento da Transparencia o Bo Goberno, que, neste ano 2020 obtivo o **Premio a Práctica Municipal Exitosa outorgado polo CEMCI na súa IV edición**, recoñecendo así o traballo destacado, en termos de transparencia municipal que se leva a cabo mediante esta ferramenta.

No exercicio 2021 o Concello asume novos retos derivados da finalización do programa temporal de Transparencia, no que tocará comprobar o grado de madurez da organización en canto á interiorización das obrigas municipais en materia de transparencia e bo goberno. É precisamente dito nivel de calidade o que esixe valorar o redimensionamento dos efectivos persoais da Secretaría de Goberno Local e Administración Electrónica, sinaladamente, para seguir mantendo o mesmo, e continuar na senda de mellora continua que se ten instaurada dende a aprobación da normativa en materia de transparencia.

Polo exposto, e á vista da memoria presentada pola Secretaría de Goberno Local, na execución das competencias atribuídas por delegación a esta Concellería por Resolución de Alcal-





## Concello de Vigo

día do 18 e 26 de xuño de 2019, e posteriores modificacións, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO:

**Primeiro.**- Aprobar a Memoria de Transparencia do Concello de Vigo, correspondente ao ano 2020 elaborada pola Secretaria de Goberno Local, coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais, e sinaladamente polo Servizo de Administración Electrónica, coa conformidade da Concellería-Delegada de Xestión Municipal.

**Segundo.**- Dar publicidade ao documento aprobado a través da súa publicación na Intranet municipal, a súa inserción no Portal de Transparencia do Concello de Vigo e a súa comunicación á totalidade das concellerías-delegadas de Goberno, así como ás xefaturas de áreas e servizos municipais.

**Terceiro.**- No cumprimento das previsións do Código de Bo Goberno Local subscrito polo Concello de Vigo, mediante acordo plenario de data 30.11.2015, remitir a Memoria de Transparencia do Concello de Vigo, correspondente ao ano 2020 á “Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana” da FEMP.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### 13(73).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE SEGURIDADE DURANTE O ANO 2020. EXPTE. 117523/210.

Dáse conta do informe-proposta do 28/01/21, asinado polo xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31ª das de execución do orzamento en vigor, remítese para dar conta á Xunta de Goberno Local, relación de expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Seguridade durante o ano 2020 e que son os seguintes:

| Nº EXPTE   | DATA DECRETO | PARTIDA                    | TIPO                | ASUNTO   | ADXUDICATARIO | RCM          | IMPORTE          |
|------------|--------------|----------------------------|---------------------|--|---------------|--------------|------------------|
| 113211/210 | 17-01-2019   | 13302310000<br>13302300000 | LOCOMOCION E DIETAS | Autorización gastos viaxes da Concellería-Delegada de Seguridade |               | 7569<br>7572 | 3000 €<br>1000 € |

| Nº EXPTE   | DATA DECRETO | PARTIDA     | TIPO                               | ASUNTO   | ADXUDICATARIO         | RCM   | IMPORTE     |
|------------|--------------|-------------|------------------------------------|--|-----------------------|-------|-------------|
| 113232/210 | 21-01-20     | 13302269900 | SERVIZOS                           | Gastos por solicitude de informes ao rexistro mercantil e de bens mobles   |                       | 7166  | 120 €       |
| 113708/210 | 20/02/2019   | 13302260200 | SERVIZOS                           | Publicación e produción de anuncios de tráfico nos medios de comunicación  | ECOVIGO PUBLICIDAD SL | 15209 | 14.999,99 € |
| 113740/210 | 20/02/2020   | 13302200200 | SUBMINISTRO                        | Subministro de material informático non inventariable  | OPCON INFORMATICA     | 13274 | 496,10 €    |
| 114306/210 | 30/04/2020   | 13302260200 | SERVIZOS Tramitación de emerxencia | Inserción de anuncios relacionados coa mobilidade no estado de alarma polo COVID -19   | ECOVIGO PUBLICIDAD SL | 27601 | 2.673,50 €  |
| 114354/210 | 07/05/2020   | 13302260200 | SERVIZOS Tramitación de emerxencia | Publicación de anuncios sobre indispensable actualización de medidas de mobilidade estritamente vinculadas ó estado de alarma.           | ECOVIGO PUBLICIDAD SL | 28827 | 4010,24 €   |
| 114397/210 | 11/05/2020   | 13302260200 | SERVIZOS Tramitación de emerxencia | Publicación de anuncio derivado do estado de alarma para a ampliación á restricción do tráfico rodado en distintas rúas en días laborais | ECOVIGO PUBLICIDAD SL | 29158 | 1173,70 €   |
| 115604/210 | 29/07/2020   | 13302219900 | SERVIZOS                           | Peche ó trafico e sinalización de rúas para facilitar o distanciamento social con motivo do COVID-19                                     | API MOVILIDAD SA      | 49195 | 18081,61 €  |
| 115652/210 | 06/08/2020   | 13302312000 | LOCOMOCION                         | Gastos locomoción persoal non directivo  |                       | 50309 | 300 €       |
| 116195/210 | 21/09/2020   | 13302260100 | ATENCIONS PROTOCOLARIAS            | Gastos protocolarios Concelleira-Delegada de Seguridade  |                       | 55793 | 300 €       |



## Concello de Vigo

| Nº EXPTE   | DATA DECRETO | PARTIDA     | TIPO        | ASUNTO   | ADXUDICATARIO                           | RCM   | IMPORTE    |
|------------|--------------|-------------|-------------|--|---|-------|------------|
| 116499/210 | 25/10/2020   | 13302100001 | OBRAS       | Redutores de velocidade e pasos de peóns sobreelevados en distintas rúas da cidade | CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS SA (COVSA)  | 63013 | 19999,49 € |
| 116839/210 | 09/12/2020   | 13306090000 | SUBMINISTRO | Adquisición de reguladores electrónicos para grupo semafórico                      | EQUIPOS DE SEÑALIZACION Y CONTROL SA    | 69111 | 18142,46 € |
| 117210/210 | 17/12/2020   | 13302219900 | SUBMINISTRO | Vallas plásticas de sinalización   | BAYGAR SL                               | 76913 | 4010,42 €  |
| 117267/210 | 22/12/2020   | 13302100002 | OBRAS       | Mantemento e asfaltado para a renovación da sinalización da rúa Miguel Hernández   | CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS SA (COVSA) | 79815 | 21441,33 € |

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Suspensión da execución de determinados contratos como consecuencia da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Expte. 6591/241.
- Proposta de aprobación das bases reguladoras do proceso selectivo (concurso-oposición) para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de enxeñeiro/a de camiños, canais e portos na Xerencia Municipal de Urbanismo. Expte. 13118/407.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos

membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

#### **14(74).- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS COMO CONSECUENCIA DA ORDE DO 26 DE XANEIRO DE 2021 DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 6591/241.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/02/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-COV-2.
- Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, o Presidente da Xunta de Galicia.
- ORDE do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia



**Concello de Vigo**

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, impón no seu Anexo o peche de determinadas instalacións.

**Segundo.-** En datas 28 e 29 de xaneiro de 2021, no servizo de Contratación recíbense varias solicitudes de suspensión, total ou parcial, de contratos:

- a) Contrato de xestión de servizo público con obra para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida BA (expediente nº 6.078-333)**

Solicita o xefe do servizo de Deportes que se suspenda este contrato agás aquelas das prestacións previstas na cláusula 3 do PPT necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo.

- b) Contrato de xestión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente nº 12.242-333)**

Solicita o xefe de área de Investimentos que se suspenda este contrato agás aquelas das prestacións previstas na cláusula 7 do PPT necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo.

- c) Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611)**

O axunto ó xefe do servizo de Deportes, na súa cualidade de responsable do contrato, solicita:

1. *Suspensión da parte variable do contrato relativa a actividades docentes (monitores, profesores e coordinadores, nas piscinas e ximnasios obxecto do contrato).*
2. *Suspensión parcial da parte fixa do contrato agás:*
  - *O 50% das prestacións de limpeza.*
  - *As prestacións relativas á mantemento.*
  - *As prestacións de dirección.*
  - *Os subministros enerxéticos.*

- *As prestacións de recepción e socorrismo, na piscina das Travesas en horario de 14:00 a 21:30 horas, de luns a venres.*

**d) Contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente nº 2299-341)**

O Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, informa que manteranse os servizos de coordinación e organización do servizo (facturación fixa), pero non os servizos de atención ao público ao non estar os centros abertos ao público e por tanto non ser necesarios. Por este motivo, procedería a suspensión parcial do citado contrato.

**e) Contrato de servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (expediente nº 23976-332)**

A xefa do servizo de Educación, responsable deste contrato, solicita a suspensión do mesmo.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

-I-

### **SUSPENSIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS POR IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUCENCIA DA ORDE DO 26 DE XANEIRO DE 2021 DA CONSELLERÍA DE SANIDADE**

En data 25 de outubro de 2020, publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declarou o estado de alarma para conter a propágación de infeccións causadas polo SARS-COV-2.

Esta norma, no seu artigo 2, designa como autoridade competente ós efectos do estado de alarma ó Goberno da Nación, e como autoridades competentes delegadas nas comunidades autónomas e cidades con Estatuto de autonomía, ós presidentes das mesmas.

As autoridades competentes delegadas son habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, *“las órdenes, resoluciones y disposiciones para la aplicación de lo previsto en los artículos 5 a 11”*. Estes artigos regulan medidas relativas á limitación da liberdade de circulación das persoas, a permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados así como a posibilidade de esixir a *“realización de las prestaciones personales obligatorias que resulten imprescindibles en el ámbito de sus sistemas sanitarios y sociosanitarios para responder a la situación de emergencia sanitaria que motiva la aprobación de este real decreto”*.

En aplicación desta normativa, e para frenar o avance da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comunidade autónoma, o Presidente da Xunta de Galicia, na súa condición de autoridade competente delegada, emitiu o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, e impón o cumprimento das medidas da Consellería de Sanidade contidas na Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como



## Concello de Vigo

consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 26 de xaneiro de 2021, no seu Anexo, impón o cumprimento de determinadas medidas de prevención específicas, aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19.

O apartado 4 do Anexo regula “Medidas especiais para determinadas actividades”. Entre elas adóptase a medida de peche temporal, durante o período a que se estende a eficacia da orde, entre outras, das seguintes actividades (apartado 4.1 do Anexo):

- III.2.2.2. Pavillóns deportivos.
- III.2.2.3. Recintos deportivos.
- III.2.2.5. Ximnasios.
- III.2.2.6. Piscinas de competición.
- III.2.2.7. Piscinas recreativas de uso colectivo.
- III.2.4.1. Museos.
- III.2.4.2. Bibliotecas.

O peche das instalacións municipais citadas implica a imposibilidade sobrevida da execución, total ou parcial, segundo os casos, dos contratos relacionados coa xestión das mesmas, en función das prestacións obxecto de cada un deles.

Á vista da citada Orde, os responsables dos contratos afectados polas medidas de peche temporal das instalacións citadas, solicitan do servizo de Contratación que se proceda a formular proposta de suspensión dos mesmos ó órgano de contratación. Así, solicítase a suspensión dos seguintes contratos:

- a) Contrato de xestión de servizo público con obra para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida BA (expediente nº 6.078-333)
- b) Contrato de xestión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente nº 12.242-333)
- c) Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611)
- d) Contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente nº 2299-341)
- e) Contrato de servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (expediente nº 23976-332)

-II-

### **NATUREZA DO CONTRATO E LEXISLACIÓN APLICABLE ÓS CONTRATOS AFECTADOS POLA SUSPENSIÓN**

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a natureza e a lexislación á aplicar a cada un dos contratos afectados pola suspensión.

Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC).

**a) Contrato de xestión de servizo público con obra para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida BA (expediente nº 6.078-333)**

Este contrato foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante XGL) na sesión de data 23 de maio de 2007, á sociedade concesionaria que constituirían as empresas Gaia G.D., S.L. (50 % de participación) - Movex Vial, S.L. (50% de participación). Pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público. O contrato formalizouse o 15 de xuño de 2007 coa sociedade AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., e réxese polas seguintes normas:

–Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

**b) Contrato de xestión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente nº 12.242-333)**

Trátase dun contrato de xestión de servizo público con obra. Foi adxudicado por acordo da XGL o 22 de novembro de 2013 a CIVISGLOBAL, S.L. Esta mercantil axuntou na súa oferta o compromiso de constitución dunha sociedade instrumental para a xestión da concesión. A XGL, na sesión ordinaria do 7 de marzo de 2014, tomou razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., e acordou autorizar a formalización do contrato coa mesma. Réxese polas seguintes normas:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).

**c) Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611)**





## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 4 de xuño de 2019, acordou adxudicar a FCC AQUALIA, S.A., este contrato, que se formalizou o 27 de xuño de 2019. Trátase dun contrato de servizos que se rexe polas seguintes normas:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.

É preciso por de releve que o réxime da suspensión na LCSP foi modificado pola disposición final quinta (apartado tres) do R.D.-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia («B.O.E.» 31 decembro) que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2021. Por tratarse dunha prerrogativa da Administración aplicase a normativa vixente no momento da súa execución.

### **d) Contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente nº 2299-341)**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de novembro de 2019, adxudicou a SERVICIOS SECURITAS, S.A. este procedemento. O contrato se formalizou na data 13 de decembro de 2019. Trátase dun contrato de servizos que se rexe pola normativa recollida no apartado anterior.

### **e) Contrato de servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (expediente nº 23976-332)**

Este contrato foi adxudicado pola XGL, na sesión ordinaria do 24 de setembro de 2020, a INTEGRAL MANTENIMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. Trátase dun contrato de servizos que se rexe pola normativa recollida no apartado c.

-III-

## **PROCEDIMENTO PARA A SUSPENSIÓN DOS CONTRATOS**

A suspensión dun contrato administrativo é un mecanismo previsto na lei para o suposto da existencia de imprevistos ou de circunstancias que impiden a normal execución do mesmo. A vixente lei de contratos a recolle no artigo 190 entre as prerrogativas da administración no seno do contrato.

Afecta ó prazo de execución do contrato, que se interrompe mentres existan impedimentos que obstaculicen o seu cumprimento. Como contrapartida o contratista terá dereito a indemnización dos danos e prexuízos efectivamente sufridos durante o período de suspensión, sempre e cando os acredite.

A suspensión dos contratos está regulada nos artigos 102 TRLCAP, 220 do TRLCSP e 208 da LCSP.

A regulación é practicamente idéntica en todas estas normas. En todos os casos:

- Se prevé a suspensión, ou ben a instancia da Administración, ou ben para o caso en que esta incorra en mora no pago do prezo o contratista.
- Se esixe o levantamento dun acta na que se consignen as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato.
- Imponse á Administración a obriga de indemnizar ó contratista os danos e prexuízos que a suspensión lle ocasione, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

A única diferenza é que mentres o TRLCAP e o TRLCSP se limitan a prever que se indemnicen ó contratista os danos e prexuízos “efectivamente sufridos por éste”, a LCSP no artigo 208 fixa regras para o aboamento dos danos e prexuízos, aplicables se o prego que rexe o contrato non fixa outras. Estas regras son as seguintes:

*“2. Acordada la suspensión, la Administración abonará al contratista los daños y perjuicios efectivamente sufridos por este con sujeción a las siguientes reglas:*

*a) Salvo que el pliego que rija el contrato establezca otra cosa, dicho abono solo comprenderá, siempre que en los puntos 1.º a 4.º se acredite fehacientemente su realidad, efectividad e importe, los siguientes conceptos:*

*1.º Gastos por mantenimiento de la garantía definitiva.*

*2.º Indemnizaciones por extinción o suspensión de los contratos de trabajo que el contratista tuviera concertados para la ejecución del contrato al tiempo de iniciarse la suspensión.*

*3.º Gastos salariales del personal que necesariamente deba quedar adscrito al contrato durante el período de suspensión.*

*4.º Alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos de la ejecución del contrato suspendido.*

*5.º Suprimido.*

*6.º Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro suscritas por el contratista previstos en el pliego de cláusulas administrativas vinculados al objeto del contrato*

*b) Solo se indemnizarán los períodos de suspensión que estuvieran documentados en la correspondiente acta. El contratista podrá pedir que se extienda dicha acta. Si la Administración no responde a esta solicitud se entenderá, salvo prueba en contrario, que se ha iniciado la suspensión en la fecha señalada por el contratista en su solicitud.*



## Concello de Vigo

*c) El derecho a reclamar prescribe en un año contado desde que el contratista reciba la orden de reanudar la ejecución del contrato”.*

Os contratos que se rexen por esta lei (dos servizos técnicos e docentes para as piscinas, de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais e de servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia) regulan a suspensión na cláusula 27.6 do PCAP, que se remiten para o cálculo dos danos e prexuízos á lei. Dispón este precepto que:

“6.- O órgano de contratación poderá acordar a suspensión da execución nos seguintes supostos:

- a) Cando circunstancias sobrevidas o aconsellen e así o decidan de mutuo acordo ambas partes.
- b) A instancia do contratista cando o Concello se demore no pagamento do prezo máis de catro meses conforme o disposto no artigo 198.5 da LCSP.
- c) Por razóns de interese público.

Nos dos últimos supostos o Concello deberá aboar ao contratista os danos e prexuízos que efectivamente se lle tiñan causado por mor da suspensión, con suxeición ás regras contidas no artigo 208.2 da LCSP”.

Os PCAP que rexen as concesións de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida BA (expediente nº 6.078-333) e de construción e explotación do complexo polideportivo de Navia (expediente nº 12.242-333) non regulan a suspensión.

En consecuencia, e de conformidade cos informes dos responsables dos contratos citados, procede acordar a suspensión solicitada por mor do peche das instalacións previsto na Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade, por estar amparado pola normativa aplicable a cada un destes contratos.

Será preciso, en aplicación da citada normativa, requirir ós responsables dos contratos o levantamento dun acta de suspensión na que se consignen as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato.

**-IV-**

### **VIXENCIA DA SUSPENSIÓN**

A Orde do 26 de xaneiro determina no seu apartado 4 que *“As medidas previstas nesta orde terán efectos desde as 00.00 horas do día 27 de xaneiro de 2021, e estenderán a súa eficacia ata o 17 de febreiro de 2021. Non obstante o anterior, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade”.*

Á vista do disposto nesta orde, a suspensión terá efectos dende o 27 de xaneiro de 2021, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación. O levantamento da

suspensión estará supeditado á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente.

**-V-**

### **EFICACIA RETROACTIVA DA SUSPENSIÓN**

A lei impón ós órganos administrativos o cumprimento das normas e actos ditados por outros órganos no exercicio da súa propia competencia, aínda que non dependan xerarquicamente entre sí, ou pertencen a outra Administración (artigo 39.4 LPAC).

A orde da Consellería publicouse o día 26 de xaneiro do ano en curso, tan so unhas horas antes da súa entrada en vigor, o 27 de xaneiro de 2021. O que determinou a obrigada suspensión da execución dos contratos segundo informan os seus respectivos responsables. Circunstancia que determina a necesidade de darlle efectos retroactivos ó acto no que se acorda a suspensión de contratos. En consecuencia procede analizar a posibilidade de outorgar efectos retroactivos ó presente acordo.

Que un acto administrativo produza os seus efectos nunha data anterior á que se dita é algo excepcional. Así, a lei de procedemento permite que excepcionalmente, poida outorgarse eficacia retroactiva ós actos supeditados ó cumprimento dos seguintes requisitos (artigo 39.3 LPAC):

- Que os actos se ditaren en substitución de actos anulados.
- Que produzan efectos favorables ó interesado.

Neste segundo suposto, de actos que produzan efectos favorables ós interesados, a lei esixe que:

- Os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraía a eficacia do acto.
- Que a retroactividade non lesione dereitos ou intereses lexítimos de terceiros.

No caso que nos ocupa a retroacción do acordo de suspensión produce efectos favorables ós contratistas, e non prexudica dereitos ou intereses de terceiros, e o suposto de feito necesario para acordar a suspensión do contrato existía na data de retroacción.

**-VI-**

### **COMPETENCIA**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



## Concello de Vigo

### ACORDO

*1º.- Declarar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:*

- a) *Concesión de servizo público de CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B (expediente nº 6.078-333), adxudicado a AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., agás aquelas das prestacións previstas na cláusula 3 do PPT necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo.*
- b) *Concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente nº 12.242-333), adxudicado a MQA NAVIA, S.L., agás aquelas das prestacións previstas na cláusula 7 do PPT necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo.*
- c) *Contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente 2299-341) adxudicado a SERVICIOS SEGURITAS, S.A., agás as prestacións da parte fixa do contrato que afecta aos servizos de coordinación e organización do servizo.*
- d) *Contrato de servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (expediente nº 23976-332) adxudicado a INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.*
- e) *Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611):*
  1. *Suspensión da parte variable do contrato relativa a actividades docentes (monitores, profesores e coordinadores, nas piscinas e ximnasios obxecto do contrato).*
  2. *Suspensión parcial da parte fixa do contrato agás:*
    - *O 50% das prestacións de limpeza.*
    - *As prestacións relativas á mantemento.*
    - *As prestacións de dirección.*
    - *Os subministros enerxéticos.*
    - *As prestacións de recepción e socorrismo, na piscina das Travesas en horario de 14:00 a 21:30 horas, de luns a venres.*

*2º.- A suspensión terá efectos desde o 27 de xaneiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde.*

*3º.- O levantamento da suspensión estará supeditado á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente.*

*4º.- Requirir ós responsables dos contratos o levantamento dun acta de suspensión na que se consignen as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato.”*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(75).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO (CONCURSO-OPOSICIÓN) PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 13118/407.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 29/01/21, dáse conta do informe-proposta de data 26/01/21 asinado polo xefe dos Servizos Centrais, o secretario e o xerente da Xerencia de Urbanismo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **1.- Normativa aplicable.**

- \* Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- \* Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).
- \* Lei 2/2015 de 29 de abril do Emprego público de Galicia (LEPG).
- \* Estatutos Xerencia Municipal de Urbanismo, publicados no BOP de Pontevedra 6.10.2010 (EXMU).

#### **2.- Antecedentes.**

Mediante Resolución da Vicepresidencia de data 8.01.2021 se ten incoado o expediente 13118/407 que ten como fin a provisión interina (Bolsa de Emprego) na categoría de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, pertencente a Escala de Administración Especial, Subescala técnica, clase superior, encadrada no Grupo de Titulación A, Subgrupo A1. Procede a continuar coa tramitación do Expediente mediante a elaboración das Bases Reguladoras do proceso selectivo; a tal efecto emítense o seguinte,

#### **3.- Informe-proposta.**



## Concello de Vigo

I. Na Relación de Postos de Traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 23.12.2020 e publicada no BOP de data 30.12.2020 consta vacante un posto de traballo coa denominación, "Enxeñeiro/a de Camiños". Así mesmo, estase próxima a producir, consecuencia de xubilación, a vacante do posto "Xefe/a Urbanización-Infraestruturas" que require, entre outras, a titulación de enxeñeiro ou enxeñeiro técnico; ambos postos no cadro de persoal da XMU.

II. Corresponde á Xunta de Goberno Local, de conformidade co sinalado no artigo 127.1.h) da LBRL e no artigo 3.f) dos Estatutos da XMU aprobar as Bases das convocatorias de provisión de postos de traballo, unha provisión que, por razóns de urxencia e necesidade pode ter carácter interino.

III. Na redacción das Bases que se achegan no Anexo a esta proposta de acordo se ten observado a normativa de aplicación, en especial a LEPG.

IV. Conforme o exposto se propón á Xunta de Goberno Local previa a súa fiscalización pola Intervención xeral e previa audiencia da Xunta de Persoal da XMU a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Convocar proceso selectivo (concurso-oposición) para a formación dunha Bolsa de Emprego na categoría de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos no Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

SEGUNDO.- Aprobar as Bases que rexerán na convocatoria que constan no Anexo a este acordo.

TERCEIRO.- O prazo de presentación de solicitudes por parte dos interesados no procedemento será de quince días hábiles contados a partir do seguinte o de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

CUARTO. O presente pon fin á vía administrativa, contra o mesmo cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Vigo no prazo de dous meses sen prexuízo da interposición de recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO

### BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS NO ORGANISMO AUTÓNOMO XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO.

#### **Primeira. Obxecto da convocatoria. Características da praza. Normativa de aplicación.**

1. É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal polo sistema de concurso-oposición para a formación na Xerencia Municipal Urbanismo do Concello de Vigo dunha Bolsa de Emprego na categoría de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, pertencente a Escala de Administración Especial, Subescala técnica, clase superior, encadrada no Grupo de Titulación A, Subgrupo A1.

A Bolsa utilizarase no suposto no que, conforme o sinalado no artigo 23.2 da Lei Autonómica 2/2015, sexa precisa a provisión interina de praza ou prazas na dita categoría; terá unha vixencia de tres anos sen prexuízo da creación dunha nova Bolsa que a deixe sen efecto.

2. Son funcións propias das prazas de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, entre outras, as seguintes:

- Apoio e asesoramento aos órganos de goberno e dirección da Xerencia Municipal de Urbanismo e ás distintas concellerías delegadas en materias propias da súa competencia e titulación.
- Dirección e coordinación das unidades administrativas adscritas; asignación, seguimento e control da súa actividade para a consecución e cumprimento dos obxectivos. Supervisión dos procedementos administrativos.
- Programar, coordinar e supervisar as actuacións municipais en materia de obras públicas e infraestruturas, especialmente as realizadas en vías públicas.
- Redacción de proxectos regulamentarios e ordenanzas que sexan necesarias para o correcto exercicio das competencias da Xerencia en materia de urbanización e obras públicas. Avaliación e estudo da normativa aplicable en materia de obras públicas e infraestruturas.
- Seguimento das actuacións de urbanización e infraestruturas realizadas por outras Administracións Públicas no término municipal de Vigo.
- Redacción de estudos técnicos, anteprojectos, proxectos e Plans relacionados co contido propio da titulación.
- Emisión de informes e supervisión dos instrumentos de planeamento urbanístico de iniciativa pública ou privada nos aspectos relacionados coa urbanización e infraestruturas.





## Concello de Vigo

- Emisión de informes técnicos en expedientes de licenzas de obra, licenzas de actividades ou de disciplina urbanística cando afecten á urbanización de espazos públicos ou infraestruturas.
- Redacción de Pregos de Cláusulas Técnicas nos expedientes para a contratación de obras de urbanización e infraestruturas. Relación con provedores e contratistas.
- Emisión de informes técnicos para a valoración das ofertas presentadas nos expedientes de contratación relacionados con obras de urbanización ou infraestruturas.
- Colaboración co servizo correspondente no mantemento da cartografía municipal.
- Participación en tarefas de asesoramento e información o cidadá.
- Calquera outra función análoga ou complementaria encomendada polos órganos de goberno e dirección da Xerencia Municipal de Urbanismo.

3. O proceso selectivo lle é de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP); a Lei 2/2015 de 29 de abril do Emprego público de Galicia (LEPG), o disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regulan o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade e á normativa vixente en materia de función pública de aplicación e o disposto nesta convocatoria.

4. O persoal funcionario interino lle é de aplicación o réxime xeral do persoal funcionario de carreira.

O nomeamento ou nomeamentos de funcionario interino terán carácter temporal. Extinguirase a relación de servizos consecuencia do nomeamento realizado cando o funcionario de carreira titular da praza retorne o seu posto de traballo; cando a praza ocupada interinamente se provea por funcionario de carreira por algún dos sistemas de provisión previstos regulamentariamente; cando por causas sobrevidas a praza sexa amortizada; cando a Xerencia Municipal de Urbanismo considere que non existen as razóns de urxencia que motivaron a cobertura interina ou cando a praza sexa cuberta por funcionario resultante de Oferta de Emprego Público.

### **Segunda. Publicidade da convocatoria.**

As Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Edictos da páxina web municipal <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp?lang=gal>. Os sucesivos anuncios derivados do desenvolvemento da convocatoria publicaranse na páxina web municipal <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp?lang=gal>.

### **Terceira. Condicións xerais dos aspirantes.**

Os aspirantes posuirán, no día no que remate o prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dos Estados membros da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non alcanzar a idade establecida para a xubilación.
- c) Estar en posesión do título académico oficial de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos; Máster en Enxeñería de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. No caso de equivalencia xustifícase con certificado expedido por órgano competente.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas da categoría, non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións.
- e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- f) Non atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ó corpo ou escala de funcionario. Caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado o acceso ó emprego público.

Os requisitos posuíranse á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

#### **Cuarta. Forma de presentación da documentación a achegar para a fase de concurso.**

Os aspirantes, xunto coa solicitude, presentarán a documentación sinalada no Apartado 4 do Anexo destas Bases e a documentación acreditativa dos méritos establecidos nas presentes Bases que acreditaranse para a súa xustificación mediante fotocopia simple; aportaranse diferenciados por Apartados na orde prevista na Base VII (Experiencia Profesional; Formación Profesional; Formación Académica; Coñecemento Linguas MCER).

Se o mérito alegado é ter prestados servizos na Xerencia de Urbanismo ou no Concello de Vigo bastará declaración xurada na que conste a data ou datas de inicio e finalización dos servizos ao Concello ou a Xerencia e a Área, Servizo ou unidade na que se prestaron.

Se para a xustificación dos méritos o aspirante necesitara achegar documentación doutros organismos oficiais que non lla facilitaran antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, aportará copia compulsada da solicitude formulada e declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fora expedida. Non procederá a súa valoración se non fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso.

O Órgano de Selección solicitará que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados.

#### **Quinta. Presentación de solicitudes. Relación de admitidos e excluídos.**

1. As solicitudes dirixiranse á Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e presentáranse ben telematicamente a través do Rexistro Electrónico xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, <https://sede.vigo.org>, ben presencialmente no Re-



## Concello de Vigo

xistro da Xerencia, ou ben mediante calquera das formas previstas no artigo 16 Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O prazo de presentación é 15 días hábiles a partir do seguinte ó de publicación destas Bases no BOP de Pontevedra. A non presentación da solicitude en tempo supoñerá a exclusión do aspirante.

Cara a axilización na formación das listas provisionais de admitidos e excluídos, recoméndase aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros rexistros ou a través do correo postal, que adianten copia da solicitude co selo do rexistro de procedencia ou, no seu caso, co selo coa data de presentación en correos a través do correo electrónico [urb.scentrais@vigo.org](mailto:urb.scentrais@vigo.org)

A solicitude axustarase ao modelo establecido como Anexo I e acompañarase da seguinte documentación:

- a) Copia simple do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de persoas non nacionais.
- b) Copia simple da titulación oficial de acceso ou resgardo de ter efectuado o depósito para a súa obtención (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros achegarase certificación do Ministerio de Educación e Formación Profesional na que se faga constar a súa equivalencia coa esixida)
- c) No caso de optar á exención da proba de coñecemento do idioma galego, copia simple do título que acredite o coñecemento da lingua galega CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I)
- d) Índice e copia da documentación acreditativa dos méritos alegados (Experiencia Profesional; Formación Profesional; Formación Académica; Coñecemento Linguas MCER).
- e) Vida laboral actualizada expedida pola Administración da Seguridade Social, no caso de acreditación de experiencia profesional, xunto coas certificacións de servizos previos prestados.

A non presentación da documentación referida no punto 1.a) e/ou no punto 1.b) non será obxecto de subsanación e supoñerá a exclusión do aspirante.

Os méritos non alegados, ou alegados e non xustificados na documentación que se achega á instancia solicitando tomar parte no concurso-oposición, non serán considerados.

A documentación autenticarase na fase previa ó nomeamento como persoal interino.

2. Aqueles participantes en situación de discapacidade que soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas da fase de oposición, achegarán xunto coa documentación mencionada, a seguinte:

- Solicitude expresa na súa instancia das adaptacións concretas que necesita.

- Fotocopia simple de ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de minusvalía competente, acreditando de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de minusvalía recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se o aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar.

3. Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo ditará Resolución aprobando a relación provisional de admitidos e excluídos ordenada alfabeticamente con indicación das causas de exclusión e número de Documento Nacional de Identidade ou pasaporte, sinalando un prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación da relación, para subsanar o defecto que haxa motivado a exclusión; a Resolución publicarase na páxina web do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org>). As reclamacións, se as houbera, resolveranse pola Vicepresidencia mediante Resolución que aprobará a relación definitiva de admitidos e excluídos que publicarase na páxina web do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org>).

#### **Sexta. Órgano de selección.**

1. O Órgano de Selección estará integrado por:

- Presidente: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ou do Concello de Vigo pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira para o ingreso unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
- Secretario: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ou do Concello de Vigo pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira para o ingreso unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo. O secretario participará na valoración dos méritos achegados e nas puntuacións da fase de oposición.
- Tres Vogais: funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, do Concello de Vigo ou de calquera outra Administración Pública pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira para o ingreso unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.

2. Os membros do Órgano de Selección serán designados mediante Resolución da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo consonte o establecido no artigo 60.1 do R.D. Lexislativo 5/2015. Nomearase un suplente por cada titular.

O Órgano de Selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de ao menos tres dos seus membros (titulares ou suplentes) e, en todo caso, coa asistencia das persoas que ostenten a Presidencia e Secretaría; rexerese polo disposto nas presentes Bases e polo sinalado na Lei 40/2015, de 1 de outubro.



## Concello de Vigo

O Órgano de Selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas da fase de oposición.

3. No mesmo anuncio no que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos publicarase:

- Composición do Órgano de Selección.

- Lugar, data e hora de constitución do Órgano de Selección para a valoración dos méritos da primeira fase (concurso) e lugar, data e hora para a realización das probas da segunda fase (oposición).

Os aspirantes poderán recusar aos membros do Órgano de Selección cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención conforme o establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

### **Séptima. Fase de Concurso: 8 puntos.**

Non terá carácter eliminatorio. No día da súa constitución o Órgano de Selección valorará os méritos acreditados conforme o seguinte baremo:

1. Experiencia Profesional: 4 puntos.

a) Servizos prestados como persoal laboral, funcionario de carreira ou funcionario interino na categoría de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos no Concello de Vigo, na Xerencia Municipal de Urbanismo de Concello de Vigo ou en calquera Administración Pública: 0,030 puntos por mes completo de servizo traballado a xornada completa. Non se valorarán períodos inferiores a un mes.

A acreditación do traballo desenvolvido no Concello de Vigo ou na Xerencia Municipal de Urbanismo realizarase mediante informe emitido, previa petición polo interesado, pola persoa responsable da Área de Recursos Humanos do Concello de Vigo ou pola persoa responsable de Servizos Xerais da XMU. O informe incluirá un apartado describindo as principais funcións do posto obxecto de informe e o carácter de "xornada completa".

Acreditación do traballo desenvolvido noutras Administracións Públicas: Certificación expedida pola Administración correspondente que incluirá un apartado describindo as principais funcións do posto certificado e o carácter de "xornada completa".

b) Servizos prestados en empresas privadas en postos análogos á praza obxecto das presentes Bases, 0,020 puntos por mes completo traballado a xornada completa.

O tempo traballado en empresas privadas acreditarase coa presentación de:

1º. Copia do contrato de traballo ou de algunha nómina por cada período de servizos prestados cuxa valoración se solicita.

2º. Informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que consten tales períodos.

c) Traballo por conta propia análogo á praza obxecto das presentes Bases: 0,015 puntos por mes completo traballado a xornada completa.

O tempo traballado por conta propia que xustifique a condición de traballador autónomo acredítase coa presentación da seguinte documentación:

1º. Alta no Imposto de Actividades Económicas, Censo de Obrigos Tributarios, modelos 036 e 037.

2º. Parte de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos da Seguridade Social ou da Mutuabilidade que teña establecida o Colexio Profesional.

Considerarase como data de inicio a consignada en ambos documentos, no caso de non coincidir prevalecerá a data de alta no IAE. Presentaranse os contratos de traballo (normalmente civís, e basicamente de arrendamentos de servizos e mercantís).

A puntuación máxima que poderase acadar neste Apartado 1. (Experiencia Profesional) será de 4 puntos.

2. Formación Profesional: 2 puntos.

Valorarase a participación como alumno en cursos de formación e perfeccionamento recibidos e acreditados nos últimos quince anos desde a data de publicación da convocatoria sobre materias directamente relacionadas coas funcións do posto.

En todo caso as accións formativas han de ser organizadas por:

Administracións Públicas (nos termos da Lei 40/2015).

Universidades (públicas ou privadas).

Institutos ou Escolas Oficiais das Administracións Públicas.

Colexios Profesionais.

Organizacións Sindicais.

Institucións privadas cando contén coa colaboración ou homologación (a acción formativa) dunha Administración ou institución de Dereito Público. Estarán incluídas as accións formativas realizadas o amparo dos Acordos de Formación Continua das Administracións Públicas.

Non se valorarán:

Cursos sobre materias que non garden relación directa coas funcións propias do posto.

Cursos pertencentes a titulacións académicas.

Cursos de doutorado.

Cursos derivados de procesos selectivos cuxa realización sexa requisito para o acceso a un corpo ou escala de funcionario ou persoal laboral.

Sucesivas edicións dun mesmo curso.

Cursos non cuantificados por horas. De expresarse en créditos os interesados acreditarán, en debida forma, a súa correspondencia con horas.

Cursos de duración inferior a 25 horas.

A valoración dos cursos realizarase conforme á seguinte escala:

Mais de 200 horas: 0,300 puntos.



## Concello de Vigo

- De 101 a 200 horas: 0,150 puntos.
- De 81 a 100 horas: 0,125 puntos.
- De 61 a 80 horas : 0,100 puntos.
- De 41 a 60 horas : 0,075 puntos.
- De 25 a 40 horas : 0,050 puntos.

Cando existan varios cursos de idéntico contido, valorarase o de maior duración. Exceptúase do anterior os cursos relacionados co eido urbanístico.

Acreditación. Mediante a presentación do título, diploma ou certificación expedida pola Administración, Universidade, Organismo ou Institución que tivera impartido o curso de formación ou perfeccionamento, ou que resulte competente para a súa expedición. Non valoraranse as accións formativas impartidas por entidades privadas distintas ás enunciadas. Os títulos, diplomas ou certificacións conterán a seguinte información:

- Órgano ou entidade que o ten impartido.
- Denominación do curso.
- Materia do curso.
- Número de horas de duración ou créditos con correspondencia en horas.
- Data de realización.

A puntuación máxima que poderase acadar neste Apartado 2. (Formación Profesional) será de 2 puntos.

### 3. Formación Académica: 1 punto

Valoraranse a obtención doutras titulacións académicas distinta á esixida como requisito para o acceso á praza convocada conforme o seguinte baremo:

a) Titulación universitaria de Doutor, con programa de doutorado relacionado coa titulación esixida para participar no procedemento de selección.

Doutoramento con premio extraordinario: 1,00 puntos.

Doutoramento con sobresaínte: 0,80 puntos.

Doutoramento con outras puntuacións: 0,60 puntos.

b) Diploma de Técnico Urbanista expedido polo Instituto Nacional de Administración Pública, ou entidade pública equivalente: 0,80 puntos.

c) Outra titulación universitaria non aportada como requisito: 0,50 puntos.

Acreditación: Mediante achega do título, diploma ou resguardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

Non valoraranse titulacións imprescindibles para a consecución de outras de nivel superior.

A puntuación máxima que poderase acadar neste Apartado 3. (Formación Académica) será de 1 punto.

#### 4. Coñecemento de linguas MCER: 1 punto.

Titulacións acreditativas de coñecementos de idiomas atendendo aos niveis establecidos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), Nivel C2: 1,00 puntos; Nivel C1: 0,80 puntos; Nivel B2: 0,60 puntos; Nivel B1: 0,40 puntos.

Acreditación coñecementos de idiomas: Mediante a presentación de título, diploma ou certificación expedida pola Administración, Organismo, Institución, Escola Oficial ou entidade pública/privada acreditada, nos términos previstos na normativa de aplicación. A valoración dos títulos de nivel superior exclúe a valoración dos títulos de nivel inferior.

A puntuación máxima que poderase acadar neste Apartado 4. (Coñecemento linguas MECER) será de 1 punto.

### **Oitava. Fase de Oposición: 12 puntos**

As persoas aspirantes acudirán á celebración das probas da fase de oposición provistos do seu Documento Nacional de Identidade ou documento equivalente.

As persoas aspirantes serán convocadas, en chamamento único realizado consonte a Base Sexta 3; a non presentación dun aspirante a calquera das probas obrigatorias no momento de ser chamado determinará a perda do seu dereito a participar nas mesmas e quedará excluído do proceso selectivo.

#### 1. Proba de coñecemento das funcións propias do posto :

Realización de dous exercicios prácticos determinados polo o Órgano de Selección antes do inicio da proba; os exercicios recoñecerán o dominio das materias propias da profesión (augas, costas, estradas, ferrocarrís e outras infraestruturas), das funcións da praza e a capacidade de relacionar conceptos e aplicalos en supostos concretos.

Os aspirantes na contestación utilizarán os datos aportados no enunciado dos exercicios ou aqueles que de forma razoable fora posible deducir. Cando o aspirante considere que o enunciado non aporta datos que poidan ser necesarios para formular unha resposta axeitada, poderá expresar hipóteses ou considerar datos non aportados que serán coherentes e xustificadas.

Os exercicios desenvolverase nun tempo máximo de tres horas; o tempo concreto determinarase antes do inicio da proba polo Órgano de Selección.

Para a realización desta proba poderán utilizarse dispositivos electrónicos de cálculo.

Finalizada a proba o Órgano de Selección indicará o día e hora da lectura e/ou exposición dos supostos prácticos sen prexuízo de que estes poidan ser obxecto de visualización e estudo polo Órgano de Selección con anterioridade a tal lectura e exposición. Na sesión de lectura e exposición o Órgano de Selección poderá formular ás persoas aspirantes as preguntas e aclaracións





## Concello de Vigo

que estime pertinentes en relación cos supostos plantexados. A sesión de lectura e exposición é pública.

A puntuación acadarase sumando as puntuacións outorgadas por cada membro do Órgano de Selección que considerarán os coñecementos mostrados polos aspirantes. A cualificación definitiva será o cociente de dividir a suma de puntuacións obtidas polo o número de asistentes. Non se considerarán aquelas puntuacións que se aparten en mais ou menos de dous puntos da puntuación media.

A puntuación desta proba será de 10 puntos debéndose acadar un mínimo de 5 para superala.

### 2. Proba de coñecemento da lingua galega:

Obrigatoria e non eliminatória. Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego; avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentos da realización desta proba os aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Neste caso asignaranse 2 puntos.

### **Novena. Relación de aprobados.**

Rematada a cualificación dos aspirantes o Órgano de Selección publicará na páxina web do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org>) a lista de aprobados pola orde de puntuación total que distinguirá a obtida na fase de concurso (con desagregación de cada Apartado) e na fase de oposición (con desagregación de cada proba).

No caso de empate colocarase en primeiro lugar o aspirante que teña máis puntuación na primeira proba da fase de oposición; de persistir empate, o que teña máis puntuación no Apartado 1 da fase de concurso.

Os aspirantes dispoñerán dun prazo de cinco días hábiles, a partir do seguinte o de publicación da lista, para efectuar as alegacións que consideren oportunas en defensa dos seus dereitos que serán resoltas polo Órgano de Selección. As alegacións á fase de concurso realizaranse en base á documentación presentada xunto ca solicitude non admitíndose a presentación de novos documentos.

O Órgano de Selección -resoltas as alegacións se as houbera- elevará a citada lista á Vicepresidencia da XMU que ditará Resolución definitiva para a constitución da Bolsa que publicarse na páxina web do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org>) con indicación dos recursos que foran procedentes.

### **Décima. Funcionamento da Bolsa de Emprego.**

Formarán parte da Bolsa todos aqueles aspirantes que superen o proceso selectivo.

No caso de que fose preciso o nomeamento interino de funcionario/s na categoría de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos para cubrir praza ou prazas existentes neste organismo que se atopen nos supostos previstos no artigo 23.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, chamarase aos compoñentes da Bolsa pola orde da mesma.

O chamamento efectuarase mediante correo electrónico remitido á dirección comunicada polo aspirante na súa solicitude. As persoas incluídas na Bolsa de Emprego, que cambien os seus datos de localización, o comunicarán aos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, aos efectos da súa actualización.

As persoas aspirantes incluídas na Bolsa de Emprego que sexan nomeadas funcionarios interinos, unha vez rematada a interinidade, volverán á mesma na orde que lles correspondía na bolsa de traballo no momento en que foron chamados.

O aspirante que formando parte da Bolsa de Emprego sexa chamado para o seu nomeamento e renunciase o mesmo, será relegado a última posición na mesma. A renuncia o nomeamento por causa xustificada (estar traballando por conta propia ou allea, facéndoo constar de xeito fidedigno, ou enfermidade debidamente xustificada) determinará que non se perda a orde na Bolsa de Emprego procedéndose ao chamamento do seguinte aspirante na orde da Bolsa de Emprego.

A renuncia por causa xustificada ao nomeamento como funcionario interino por dúas veces suporá a perda da orde na Bolsa de Emprego relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma.

Naqueles supostos en que un aspirante sexa nomeado funcionario interino por substitución transitoria dun funcionario, e unha vez rematada dita situación o funcionario substituído non se reincorpore ao posto e sexa preciso realizar, un novo nomeamento, ben por nova substitución do funcionario ou ben por vacante da praza, o nomeamento como funcionario interino realizarase a favor do funcionario interino que viña realizando a substitución transitoria.

A resolución de nomeamento como funcionario interino publicarase na web municipal, co seu réxime de recursos.

#### **Undécima. Presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos para acceder a praza.**

Os aspirantes chamados para ocupar unha praza, presentarán no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, dentro do prazo de 3 días naturais seguintes, os documentos orixinais ou copia compulsada a documentación achegada coa solicitude para a súa compulsada, xunto coa documentación achegada coa solicitude para a súa compulsada, a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social
- Núm. de conta bancaria cos 20 díxitos.



## Concello de Vigo

Se dentro do prazo indicado os/as aspirantes propostos non presentaran a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incorrer por falsidade.

Pola Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo procederáse ao nomeamento á persoa candidata que corresponda que dentro do prazo indicado presente a documentación referida e acredite que reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria.

Unha vez nomeado, a persoa aspirante tomará posesión do seu posto no prazo de 10 días a partir da data da notificación do nomeamento, quedando dende dito momento sometido o réxime de incompatibilidades vixente. Por este motivo, na dilixencia de toma de posesión será necesario facer constar a manifestación da persoa interesada de non vir desempeñando ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo 1 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, indicando así mesmo que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

O que sen causa suficientemente xustificada non tomase oportunamente posesión da súa praza, será notificado de novo, e transcorrido o novo prazo de 3 días sen comparecer, será declarado cesante, con perda de tódolos dereitos derivados do procedemento selectivo.

Se a persoa nomeada non posuía nacionalidade española realizarase unha proba na que se comprobarase un nivel axeitado de comprensión e expresión oral e escrita da lingua castelán salvo que o coñecemento se deducise da súa nacionalidade ou puidese acreditalo documental-mente.

Así mesmo, ditos participantes aprobados poderán ser chamados para cubrir temporalmente a mesma praza ou outras idénticas que se puideran crear, nos suposto de vacante, ausencia ou enfermidade ou, no seu caso, mentres non sexan provistas de forma definitiva. O chamamento efectuarase en primeiro lugar aos que obtivesen maior puntuación.

### **Duodécima. Incidencias.**

O Órgano de Selección quedará facultado para resolver tódalas dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas Bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes Bases.

As Bases e cantos actos administrativos se deriven destas e a actuación do Órgano de Selección poderán ser impugnadas polos interesados nos casos, termos e forma que prevé a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local; así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Ademais, contra os acordos dos Órganos de Selección, os aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte a data da súa publicación na páxina web e no Taboleiro de Edictos.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

## ANEXO I

### MODELO DE SOLICITUDE

**PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO.**

#### Datos do solicitante

|                     |  |                |  |
|---------------------|--|----------------|--|
| Nome e apelidos:    |  |                |  |
| DNI / NIF :         |  |                |  |
| Rúa:                |  |                |  |
| Municipio:          |  | Código postal: |  |
| Teléfono:           |  | Teléfono:      |  |
| Correo electrónico: |  |                |  |

#### MANIFESTA:

1. Que coñece as bases e os criterios de selección de esta convocatoria,
2. Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na mesma,
3. Que son certos todos e cada un dos datos consignados nesta solicitude e na documentación que se acompaña,
4. Que achega a seguinte documentación:
  - Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
  - Fotocopia da titulación académica esixida para o acceso.
  - Fotocopia do CELGA 4 ou equivalente homologado.
  - Índice e fotocopia da documentación achegada para o concurso de méritos.
  - Vida laboral actualizada.

SOLICITA ser admitido no proceso de selección, mediante concurso-oposición, antes referido.

Se precisa adaptacións e axustes razoables de tempo e medios para a realización das probas en condicións de igualdade, indique os necesarios e acompañe informe xustificativo da necesidade

Sinatura



## Concello de Vigo

Vigo a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Contra a presente convocatoria poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo do mes seguinte o día da súa publicación no BOP ou recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Cidade de Vigo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición non poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta do mesmo.

### **16(76).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez